

MEMORIA DE CENTRO

Curso 2017-2018



Escola
Técnica
Superior
de Enxeñaría

Índice de Contido

1.Introdución.....	5
1.1.Títulos Impartidos no Centro.....	6
1.2.Modificacións dos Planos de Estudos dos Títulos.....	7
1.3.Acreditacións.....	8
1.4.Estrutura para a Calidade.....	9
2.Plano Estratéxico 2014-2020.....	11
2.1.LIÑE 1: Infraestruturas.....	11
2.2.LIÑE 2: Oferta Docente de Grao.....	12
2.3.LIÑE 3: Oferta Docente de Posgrao.....	14
2.4.LIÑE 4: Calidade da Docencia.....	15
2.5.LIÑE 5: Xestión Administrativa.....	16
2.6.LIÑE 6: Servizos.....	17
2.7.LIÑE 7: Relacións coa Sociedade.....	18
3.Criterio 1: Organización e Desenvolvemento.....	21
3.1.Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE.....	23
3.2.Valoracións DAFO.....	29
3.3.Accións de Mellora.....	31
4.Criterio 2: Información e Transparencia.....	35
4.1.Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE.....	35
4.2.Valoracións DAFO.....	38
4.3.Accións de Mellora.....	39
5.Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade.....	41
5.1.Revisión dos Procesos do Sistema de Garantía da Calidade.....	42
5.2.Actualización do Sistema de Garantía da Calidade.....	46
5.3.Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE.....	47
5.4.Valoracións DAFO.....	48
5.5.Accións de Mellora.....	48
6.Criterio 4: Recursos Humanos.....	51
6.1.Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE.....	52
6.2.Valoracións DAFO.....	56
6.3.Accións de Mellora.....	56
7.Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos.....	59
7.1.Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE.....	60
7.2.Valoracións DAFO.....	62
7.3.Accións de Mellora.....	63
8.Criterio 6: Resultados do Aprendizaxe.....	65
8.1.Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE.....	66
8.2.Valoracións DAFO.....	70
8.3.Accións de Mellora.....	71
9.Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento.....	75
9.1. Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE.....	76
9.2.Valoracións DAFO.....	81
9.3.Accións de Mellora.....	82

1. Introducción

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE), dende a súa creación no Diario Oficial de Galicia (DOG) o 24 de maio de 2002, apostou decididamente pola implantación de estratexias de mellora da calidade. No acto de inauguración, o primeiro Director do Centro xa formulaba como obxectivo prioritario a *"ilusión por ofrecer, en primeiro lugar, unha docencia de calidade ós/ás estudantes que depositaron en nós a súa confianza"*.

As primeiras Memorias de Titulación que se conservan na ETSE datan do curso 2004-2005 para a titulación de Enxeñaría Química e do curso 2005-2006 para a titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas (titulacións xa extinguidas, precedentes dos actuais títulos de Grao en Enxeñaría Química e Grao en Enxeñaría Informática). Estas Memorias, elaboradas por profesores/as que de forma desinteresada exercían o papel de Coordinadores/as de Titulación, recollían os datos mais salientables do título e eran a fonte principal de análise nas Reunións de Coordinación do Profesorado que se realizaban ao comezo de cada cuatrimestre docente. Destas reunións saían iniciativas que se intentaban desenvolver na docencia dos seguintes cuatrimestres. Estas iniciativas pódense asemellar as actuais Accións de Mellora, aínda que adocían dun desenvolvemento tan formal como o actual (existen moi poucas evidencias documentais da formulación concreta das iniciativas que se deseñaban, do seu posible desenvolvemento e dos seus resultados efectivos). As ideas básicas dos procesos de calidade formaron parte, dende a súa orixe, das dinámicas de traballo na ETSE.

A ETSE da un paso máis na súa aposta pola calidade, executiva como nos cursos anteriores pero xa tamén incipientemente formal, mediante a definición da súa Política de Calidade, e a correspondente Planificación Estratéxica, aprobadas en Xunta de Escola en abril de 2009. Este foi un fito moi importante previo á elaboración da primeira versión do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGC) obrigado pola implantación dos planos de estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O propio desenvolvemento do SGC da ETSE incluíuse dentro dos Planos de Acción dos anos 2009 e 2010 que complementaron a definición da Política de Calidade do centro a iniciativa do equipo de dirección. Unha vez elaborado o SGC obtívose a acreditación do seu deseño polo programa FIDES-AUDIT en abril de 2010.

Dende o momento da verificación do SGC, todos os documentos anteriormente aprobados intégranse nel, cos prazos indicados na programación, e se define a Programación Plurianual 2009-2012 que inclúe os Planos de Acción do 2009 e do 2010 e unha previsión das Accións de Mellora para os anos 2011 e 2012. Durante estes anos continúanse a realizar na ETSE moitas iniciativas relacionadas coa xestión da calidade se ben non se presta especial atención ao seu aspecto formal. Esta situación queda reflectida no Informe (sen valoración nin favorable nin desfavorable) da Auditoría Externa de xullo de 2013 no que se afirma que *"a Escola cumpre coa maioría das directrices de FIDES-AUDIT, aínda que ... a recollida de evidencias é mellorable"*.



A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o seu primeiro SGC marco en decembro de 2009, e a Comisión, delegada do Consello de Goberno, de Calidade e Planificación, en maio de 2013, aprobou unha simplificación documental do mesmo. A ETSE adopta a revisión de 2013 do SGC marco da USC aprobando en xuño de 2013 a primeira versión do seu Manual Simplificado do SGC. A versión en vigor do dito Manual Simplificado da ETSE do SGC data de febreiro de 2015.

Durante o curso 2013-2014 faise énfase na mellora formal, especialmente no que se refire ao aspecto de información pública, dos procesos de calidade que xa se viñan desenvolvendo na ETSE. As actas das comisións que forman a estrutura de calidade publícanse de xeito sistemático dende ese ano recollendo ademais a información sobre as distintas actividades que se desenvolven. Nesta liña de actuación, de formalización da actividade de calidade que xa se viña desenvolvendo no centro, apróbase en xullo de 2015 a primeira versión do Plano Executivo de Calidade (PEC).

En outubro de 2014, froito dun amplo traballo de reflexión dos diferentes grupos de interese de case 6 meses de duración, apróbase en Xunta de Escola o Plano Estratéxico da ETSE 2014-2020 (PE14/20), que está en liña co Plano Estratéxico da USC 2011-2020. Como se indica na súa introdución, "*pretende ser a primeira pedra*" desta "*nova etapa na Política de Calidade*" marcada polo SGC marco de 2013. Neste PE14/20 a ETSE volve a reafirmarse na súa Misión, na súa Visión e nos seus Valores definidos inicialmente na Política de Calidade de 2009. Despois dunha profunda reflexión colectiva sobre as fortalezas e debilidades, formulábanse 7 liñas estratéxicas de actuación que dan lugar a 26 obxectivos desenvolvidos en 48 accións. A Planificación Plurianual 2014-2020 (PP14/20) que desenvolve a execución temporal do PE14/20 apróbase en maio de 2015.



En xullo de 2016 completase o proceso coa obtención da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade de ETSE outorgado pola ACSUG. Este fito supón un recoñecemento ao traballo realizado, durante moitos anos, no eido da calidade na ETSE. Non supón ningún punto final pois a revisión de procesos é, en si mesma, un proceso continuo. Actualmente se está a traballar na adaptación ao centro do Manual do SGC aprobado pola Comisión, delegada do Consello de Goberno, de Calidade e Planificación en febreiro de 2018. A previsión actual é aprobalo durante o curso 2018-2019 e que comence a ser efectivo no curso 2019-2020.

1.1. Títulos Impartidos no Centro

A ETSE conta, neste curso 2017-2018, con 2 titulacións de Grao (unha delas coordinada nun Dobre Grao) e 3 titulacións de Máster:

- ✓ Grao en Enxeñaría Informática, dende o curso 2009-2010
 - BOE: 5 de Marzo de 2010
 - Última Acreditación: 30 de Abril de 2015
- ✓ Grao en Enxeñaría Química, dende o curso 2010-2011

- BOE: 22 de Febreiro de 2011
- Última Acreditación: 20 de Xullo de 2016
- ✓ Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas, dende o curso 2015-2016
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental, dende o curso 2007-2008
 - BOE: 9 de Decembro de 2011
 - Última Acreditación: 30 de Abril de 2015
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos, dende o curso 2013-2014
 - BOE: 4 de Abril de 2014
 - Última Acreditación: 4 de Outubro de 2016
- ✓ Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data, dende o curso 2015-2016
 - BOE: 18 de Marzo de 2016

Acrónimos utilizados para a identificación do centro e dos títulos

- x **ETSE** Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- x **GrEI** Grao en Enxeñaría Informática
- x **DGIM** Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas
- x **GrEQ** Grao en Enxeñaría Química
- x **MEaA** Máster en Enxeñaría Ambiental
- x **MEQB** Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
- x **MTAD** : Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data

1.2. Modificacións dos Planos de Estudos dos Títulos

Neste apartado recóllense todas as modificacións efectuadas nos títulos que se imparten no centro dende a aprobación das súas respectivas Memoria de Título oficiais.

Grado en Enxeñaría Informática

Non hai modificacións.

Grado en Enxeñaría Química

- x Modificación do Curso de Adaptación (Curso Ponte) para titulados de Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade Química Industrial, pola USC de acordo coas indicacións da Axencia Avaliadora sobre aumentar de 57 a 60 ECTS a duración do Curso. Informe final de modificación, decembro 2012

Ao longo do curso 2013-2014 realizáronse os trámites necesarios na USC que culminaron na aprobación polo Consello de Goberno (27/07/14) e o Consello Social (30/06/14) da USC da modificación do título para definir un curso de adaptación de 60 ECTS. A Secretaría Xeral de Universidades (08/10/14) remitiu escrito á Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa no que se "informaba favorablemente ao envío da verificación da proposta de modificación do plano de estudos do Grado en Enxeñaría

Química por adaptarse as recomendacións dos informes de seguimento da ACSUG. O 23/03/15 a ACSUG remitiu informe final relativo á modificación da memoria do GrEQ en términos FAVORABLES.

Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental

Non hai modificacións.

Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos

- x Modificación do número de prazas ofertadas con respecto ao establecido na memoria de verificación do título. Renovación da Acreditación, curso 2015-2016.

Unha vez posto en marcha o Máster, no curso de implantación atopouse que 40 alumnos de novo ingreso supoñen unha limitación para o desenvolvemento de dúas materias: Deseño Conceptual de Procesos e Dirección de Proxectos de Enxeñaría. Polo que respecta a Deseño Conceptual de Procesos requírese a realización de prácticas de laboratorio en grupos independentes e en dous ou tres laboratorios de prácticas simultaneamente, requiríndose por normativa de seguridade a presenza dun profesor en cada un deles, o que supón un aumento da carga docente dos profesores a maiores do seu POD No referente a Dirección de Proxectos de Enxeñaría, requírense alumnos de 2º e terceiro curso do Grao en Enxeñaría Química que voluntariamente participen na realización de proxectos en grupos de 3 a 5 alumnos dirixidos polos alumnos do Máster a través dun curso da aula Profesional. O feito é que nos dous últimos cursos a pesar da elevada participación dos alumnos de Grao (ao redor de 2/3 da cohorte) non son suficientes para poder expor proxectos para 40 alumnos. Por tanto, considerouse que o límite superior admisible é de 30 alumnos.

Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data

Non hai modificacións.

1.3. Acreditacións

Acreditacións nacionais e internacionais en vigor na ETSE na data de elaboración desta Memoria de Calidade:

- ✓ Deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade
 - Programa FIDES – AUDIT
 - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
 - Certificado nº 43/10
 - Data de Emisión: 26 Abril 2010
- ✓ Implantación do Sistema de Garantía de Calidade
 - Programa FIDES – AUDIT
 - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
 - Certificado nº 03/16

- Data de Emisión: 22 Xullo 2016
- Data de Revisión: 22 Xullo 2019
- Validez ata: 22 Xullo 2022
- ✓ Internationally Accredited Degree (Grao en Enxeñaría Química e Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos)
 - Institution of Chemical Engineers (IchemE)
 - Date of Issue: 2 Febreiro 2018
 - Prazo de validez: 2022
- ✓ Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo
 - OHSAS 18001:2007
 - Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR)
 - Certificado SST-0119/2012
 - Data da Primeira Emisión: 31 Maio 2012
 - Data da Última Emisión: 31 Maio 2018
 - Data de Expiración: 12 Marzo 2021

1.4. Estrutura para a Calidade

As peculiaridades propias dun centro politécnico fan necesario que a estrutura de xestión da calidade sexa multinivel. A gran diferenza nas competencias técnicas a adquirir nas dúas titulacións de grao fan necesario que sexan as Comisións de Título as que desenvolvan a xestión da calidade específica de cada título. Por outra banda, as Comisións dos Másteres son as responsables legais do seguimento dos seus correspondentes títulos.

As Comisións de Títulos de Grao (CTG) regúlanse a través do Regulamento de Réxime Interno (RRI) da ETSE, do que a última modificación foi aprobado en Xunta de Escola en decembro de 2017. Cada Comisión esta composta por un membro do Equipo de Dirección, que a presidirá, o/a Coordinador/a do Título, o/a Responsable de Calidade, o/a Responsable de apoio a Xestión de centros e departamentos, o/a Director/a da Biblioteca do Centro, 6 profesores/as e 2 Estudantes, todos eles da titulación respectiva, e 1 PAS.

As Comisións de Títulos de Máster (CTM) regúlanse a través do Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado da USC de xullo de 2017. Segundo se establece en dito Regulamento, estarán compostas por o/a responsable do Centro ao que se adscriba o título, o/a coordinador/a do título, o/a xestor/a académico/a do Centro e 10 membros atendendo a varios criterios (deberán estar representados proporcionalmente os créditos impartidos polos diferentes departamentos e institutos que interveñan na titulación; os representantes do profesorado deberán impartir docencia no título; 2 membros deberán ser estudantes). O/a Coordinador/a do Título será responsable de propoñer os membros da Comisión de Título de Máster.

Na xestión da calidade dos títulos da ETSE cobran unha especial relevancia os/as Coordinadores/as de Título (CT). No caso dos Graos, serán propostos pola dirección do Centro e ratificados pola Xunta de Escola, segundo específica o RRI. Serán responsables de liderar e organizar os traballos da correspondente Comisión do Título.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é o órgano responsable, en coordinación coas Comisións de Títulos, das tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. Tamén é o espazo de coordinación e xeración de directrices comúns das Comisións de Títulos. Na busca deste último obxectivo, todos/as os/as Coordinadores/as de Título son membros natos da Comisión, segundo específica o RRI. A coordinación desta Comisión está en mans do Responsable de Calidade do Centro.

Plano Executivo de Calidade

O Plano Executivo de Calidade (PEC), segundo se indica na súa introdución, "*recolle a descrición detallada de todas as actividades periódicas, e algunhas esporádicas típicas, que se desenvolven na ETSE relacionadas co ámbito da Calidade na Docencia*". Tamén define a forma de xerar e almacenar as evidencias de cada unha destas actividades.

No curso 2015-2016, a Comisión de Calidade aprobou a primeira versión e na revisión posterior do SGC incorporouse como un novo proceso. O PEC permanece en vigor mentres non se actualiza na CCC (a versión actual é de xuño de 2018). Inclúe catro grandes áreas: actividades académicas, avaliación de aspectos de docencia, avaliación de aspectos de seguridade e xestión da información producida no centro.

Nas diferentes actividades incluídas no PEC defínense os seguintes elementos: Responsables (de realización e/ou de explotación de resultados), Grupos de Interese, Formato de Realización, Datas ou Períodos Preferentes de Realización, Control da Participación, Documentación Producida e Uso do Resultado e das Conclusións.

Procedemento de Elaboración da Memoria de Centro

A Memoria de Calidade do Centro (este documento) é elaborada de forma coordinada pola Comisión de Calidade do Centro e polas diferentes Comisións de Títulos de Grao e Máster.

Nunha primeira fase, as Comisións de Títulos reflexionan sobre os indicadores asociados aos seus títulos e avalían a efectividade das Accións de Mellora anteriores. A partir das conclusións obtidas deseñan novas propostas de Accións de Mellora orientadas exclusivamente ao título.

Nunha segunda fase, a Comisión de Calidade analiza, e trata de integrar, as propostas de Accións de Mellora dos títulos engadindo as Accións Mellora Transversais a nivel de centro.

A Memoria de Centro, elaborada e informada pola Comisión de Calidade, apróbase na Xunta de Escola da ETSE tras a revisión por parte da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

2. Plano Estratéxico 2014-2020

Neste apartado dáse conta do cumprimento dos Obxectivos Estratéxicos (OBXE) previstos no Plano Estratéxico 2014/2020 (PE14/20), aprobado en Xunta de Escola o 9 de outubro de 2014. Resúmense os aspectos máis destacados de cada un dos OBXE, definidos por un conxunto de accións asociadas, que forman parte de cada unha das liñas estratéxicas (LIÑE) que formalizan o PE14/20. Dado que os obxectivos deste Plano Estratéxico desenvólvense e actualízanse nos sucesivos Plans de Mellora anuais, froito dinámico dos Informes de Seguimento dos Títulos e/ou das Memorias de Calidade do Centro, non se realizará unha actualización da Programación Plurianual (integrada de facto no deseño de Accións de Mellora dos resultados do SGC), limitando a análise a verificación do grado de cumprimento dos obxectivos como motor do deseño de novas Accións de Mellora.

O cumprimento do PE14/20 pode estimarse globalmente nun 75%-80%. A elaboración anual de Informes de Seguimento e/ou Memorias de Centro, coa a súa correspondente reflexión, fai que existan obxectivos definidos no plan que se volveron obsoletos co paso do tempo. Tendo en conta estas consideracións, o grado de cumprimento pode considerarse como satisfactorio cando queda pouco máis dun ano para a súa finalización.

2.1. LIÑE 1: Infraestruturas

A primeira das liñas estratéxicas centrase nas infraestruturas como elementos necesarios para o desenvolvemento das actividades propias do centro.

Os obxectivos estratéxicos desta liña están ligados fundamentalmente a necesidade de mellorar continuamente os espazos físicos onde se desenvolven as actividades e as infraestruturas dispoñibles neles. Pero, ademais, ponse de manifesto a necesidade de dotarse de mecanismos de opinión para coñecer o estado das mesmas.

OBXE 1.1: Coñecer o estado subxectivo das infraestruturas do centro

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Os limitados recursos humanos dispoñibles para xestión levaron a tomar a decisión de non ampliar, de momento, o número de enquisas (Acción A) que se realizan dende o centro adicando todo o esforzo a aspectos relacionados coa calidade da docencia. Por outra banda, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos está a abordar novas áreas de toma de información que pode facer innecesaria a realización dende o centro.

OBXE 1.2: Mellorar as infraestruturas docentes

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Neste obxectivo abórdouse completamente unha das necesidades máis importantes que solucionaba un defecto funcional no mobiliario das aulas de docencia expositiva (Acción A) demandado polos estudantes dende bastante tempo atrás. Permanentemente se está a traballar na renovación dos medios de proxección das aulas (Acción B). Actualmente pódense considerar como adecuados aínda que o seu desgaste fai que sexa unha acción imposible de pechar definitivamente. Completar estas tarefas depende sempre das

dispoñibilidades orzamentarias do centro. No curso 2015-2016 completouse a renovación total dos puntos de cobertura Wifi (Acción C) ampliando o número total en sete. No curso 2017-2018 instaláronse dous novos puntos para cubrir un déficit de conexión nos laboratorios de docencia. Actualmente o centro conta con 19 puntos de cobertura Wifi que proporcionan unha conectividade adecuada as dimensións do centro. Nos cursos 2016-2017 e 2017-2018 abordouse a dotación de conexión de electricidade nas aulas A5 e A8 para o uso de portátiles (Acción D). Estender esta solución a outras aulas depende sempre das dispoñibilidades orzamentarias do centro. No curso 2015-2016 renovouse a aula de informática I4. No curso 2016-2017 renováronse as aulas de informática I1 e I6. No curso 2017-2018 renovouse a aula de informática I2. A dotación actual pódese considerar como correcta. A acción mantense aberta (Acción E) e depende sempre das dispoñibilidades orzamentarias do centro. Neste curso 2017-2018 adquiríronse dous sistemas de vídeoconferencia portátiles (Acción F). O incremento do número de másteres interuniversitarios fai necesario aumentar este tipo de recursos. Os espazos para titorías (Acción G) están funcionando de xeito adecuado e non existen queixas sobre a súa utilidade. As áreas e salas de traballo (Acción H) tampouco están xerando incidencia sobre a súa utilidade.

OBXE 1.3: Mellorar as instalacións xerais do centro

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Neste obxectivo, solucionouse un dos grandes problemas que tiña o centro nas súas infraestruturas xerais: as goteiras nos almacéns da galería de servizos. Sen embargo seguen a existir problemas de filtracións en diferentes sitios do edificio (Acción A). Problemas de orzamento fan inviable acometer o plan de climatización dos laboratorios de investigación (Acción B).

2.2. LIÑA 2: Oferta Docente de Grao

A segunda liña estratéxica enfocase a oferta docente de grao que se está impartir no centro pois constitúe o obxectivo central de todo espazo docente.

Os obxectivos estratéxicos desta liña están ligados fundamentalmente a mellorar diferentes aspectos de desenvolvemento dos títulos. Tamén é moi importante avanzar no coñecemento da implantación e execución real dos títulos. Por suposto sen esquecer o traballo continuo en revisar o catálogo de titulacións co obxectivo de que sexa o máis adecuado para a formación dos nosos estudantes.

OBXE 2.1: Conseguir un catálogo de titulacións atractivo

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Durante os cursos 2015-2016 e 2016-2017 traballouse de forma intensiva sobre a oferta dunha nova titulación de Grao en Biotecnoloxía (Acción A). Actualmente é unha realidade e aínda que a nova titulación se implante administrativamente na Facultade de Bioloxía, a implicación da ETSE nela é moi significativa. No curso 2015-2016, desenvólvese unha dobre titulación entre o Grao de Enxeñaría Informática e o Grao en Matemáticas (Acción

B). No curso 2017-2018 deseñouse unha proposta de modificación do Grao en Enxeñaría Informática que, nestes momentos, se encontra baixo estudo.

OBXE 2.2: Mellorar a docencia en inglés

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

A acreditación do coñecemento dos profesores que imparten docencia en inglés (Acción A) xa non é necesario abordalo dende o centro posto que o Regulamento para a Docencia de Calidade en Linguas Estranxeiras da USC (Regulamento LEDUS) xa aborda este tema. No curso 2015-2016 se mellorou a oferta nos Graos (Acción B) actuais co deseño dun semestre de mobilidade con 10 materias en inglés no Grao en Enxeñaría Química.

OBXE 2.3: Mellorar a difusión das titulacións

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

En febreiro de 2015 se nomearon novos coordinadores do programa A Ponte. No curso 2015-2016 a número de profesores/as da ETSE que participaron en actividades do programa A Ponte (Acción A) aumentou un 20%. Estes valores mantéñense estables nos cursos posteriores. A experiencia demostrou que o modelo de participación mais efectivo era a realización de charlas temáticas no marco do programa A Ponte. Cara ese obxectivo se enfocaron todos os esforzos de participación de profesorado (Acción B). Puntualmente se participou en outro tipo de actividades como, por exemplo, a Feira do Instituto de Enxeñaría de España en outubro de 2014 e 2015.

OBXE 2.4: Mellorar o proceso de captación de alumnas

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Neste tema non se desenvolveron iniciativas a nivel de centro (Acción A) pero si se participou en iniciativas dos Colexios Profesionais de Enxeñaría Informática e da Conferencia de Decanos/as e Directores/as de Informática por ser esta a titulación onde existe, a nivel nacional, un gran desequilibrio neste ámbito. Tamén se acolleron no centro diversas xornadas relacionadas con estas temática.

OBXE 2.5: Estructurar o programa de visitas a empresas

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Destacar, polo que supón de esforzo de coordinación de actividades, a elaboración dun plan coordinado de visitas a empresas no Grao en Enxeñaría Química que se executa dende o curso 2015-2016 (Acción A). A iniciativa levada a cabo só afecta a esta titulación porque, polas súas características, supón o 90% das visitas efectuadas a nivel de centro.

OBXE 2.6: Revisar o cumprimento das Memorias das Titulacións

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

En abril de 2015, a Comisión de Calidade aproba unhas “Recomendacións para a Elaboración das Guías Docentes” que teñen como obxectivo mellorar a adecuación dos programas (Acción A). Utilízase como referencia dende o deseño do curso 2015-2016 e actualízase anualmente pola Comisión de Calidade. Está pendente de abordar o cumprimento real da avaliación continua indicada nas Memorias das Titulacións (Acción B). Verifícase na revisión das Guías Docentes que realizan as Comisión de Titulación pero está pendente de definir un mecanismo obxectivo de avaliación. En canto a avaliación de competencias (Acción C), o feito máis destacado é a realización, no curso 2016-2017, dunha enquisa nas dúas titulacións de grao para avaliar a obtención das competencias reflectidas nas Memorias das Titulacións por parte dos egresados dos graos. No curso 2017-2018 realizouse a mesma enquisa para as titulacións de máster.

OBXE 2.7: Mellorar a información sobre o programa de prácticas en empresa

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

En outubro de 2014 se pon en marcha unha reunión anual cos estudantes de segundo curso das titulacións de grao (Acción A) para informalos do programa de prácticas en empresa nun momento dos seus estudos que lles facilite a programación posterior. En xuño de 2015 se elabora a primeira versión do Plano Executivo de Calidade que contempla entre os obxectivos de calidade anuais do centro esta reunión.

2.3. LIÑE 3: Oferta Docente de Posgrao

A terceira liña estratéxica enfocase a oferta docente de posgrao que se está impartir no centro pois constitúe o outro obxectivo central de todo espazo docente.

O obxectivo estratéxico desta liña, tendo en conta que a ofertar está en etapa de consolidación, é traballar no catálogo de titulacións co obxectivo de que sexa o máis adecuado para a formación dos nosos estudantes.

OBXE 3.1: Conseguir un catálogo de titulacións atractivo

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Nesta liña déronse pasos significativos coa verificación, no curso 2014-2015, dunha nova titulación de Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data. Tráballose durante varios anos na elaboración da memoria dunha proposta dun novo título de Máster en Biotecnoloxía Industrial aínda que non foi posible obter autorización para a súa impartición. No curso 2017-2018 déronse os pasos necesarios para a recuperación, cun novo formato do Máster en Computación de Altas Prestacións e para a colaboración no Máster Interuniversitario en Xeomática. O Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos continua a súa estabilización en canto a número de estudantes e o Máster en Enxeñaría Ambiental obtivo por 4º ano consecutivo o número 1 no ranking do xornal El Mundo.

2.4. LIÑE 4: *Calidade da Docencia*

A cuarta liña estratéxica ten que ver coa calidade da docencia como aspecto fundamental para ofrecer aos nosos estudantes unha docencia cada vez mellor.

Entre os obxectivos estratéxicos desta liña destaca a intención de avanzar na implantación do Sistema de Garantía da Calidade no convencemento de que é a ferramental fundamental de mellora da que dispoñemos nestes momentos. Non menos importante é a necesidade de coñecer mellor o que ocorre no desenvolvemento das titulacións, e na incorporación dos nosos egresados ao mercado laboral, como fonte de deseño de accións de mellora futuras. Inclúense, ademais, obxectivos concretos para mellorar aspectos que deben ser tidos en conta sempre como a formación docente dos nosos profesores.

OBXE 4.1: *Coñecer a situación profesional dos egresados e a súa adaptación ao mercado laboral*

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

No marco deste obxectivo puxéronse en marcha enquisas nas titulacións de máster (Acción A) no curso 2015-2016. A idea é repetila cava varios cursos para poder comparar resultados. Dado que ACSUG está desenvolvendo iniciativas nesta liña non está previsto desenvolver mais este obxectivo.

OBXE 4.2: *Incrementar a formación docente dos profesores*

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Na titulación de Grao en Enxeñaría Química desenvóléronse algunhas iniciativas de formación (Acción A) que está previsto estender a todas as titulacións do centro en función das dispoñibilidades orzamentarias. O intercambio de experiencias docentes (Acción B) aínda non foi abordado.

OBXE 4.3: *Coñecer o desenvolvemento subxectivo das competencias das titulacións*

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

No curso 2016-2017 púxose en marcha unha enquisa de avaliación da adquisición de competencias (Acción A) por parte dos estudantes de grao. Nesta enquisa avalíase a opinión de estudantes finalizando os seus estudos, egresados recentes, profesores/as e empregadores/as. No curso 2017-2018 realizouse esta mesma enquisa nas titulacións de máster. No eido da coordinación, é de destacar a especificación en cada unha das materias do GrEQ e GrEI do binomio metodoloxías vs. competencias desenvolvidas e actividade de avaliación vs. competencia avaliada durante o curso 2015-2016 (Acción B).

OBXE 4.4: *Implantar o Sistema de Xestión da Calidade*

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

A implantación do Sistema de Garantía da Calidade (Acción A) foi certificada pola ACSUG en xullo de 2016. Actualmente se está a traballar nunha nova versión do manual de procesos a nivel de centro. Estará dispoñible para a súa implantación no curso 2019-2020. O Plano Estratéxico do centro (Acción B) para o período 2014 a 2020 foi aprobado en outubro de 2014. As Programación Plurianuais (Acción C) actualizáronse todos os anos ata a elaboración desta Memoria de Calidade que absorbe as súas funcións.

OBXE 4.5: Formalizar os procesos de calidade que se realizan actualmente nas titulacións

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

O Plano Executivo de Calidade (Acción A), como ferramenta de definición da dinámica de traballo dos Coordinadores de Títulos, aprobouse na súa primeira versión en abril de 2015. Actualízase cada curso académico.

OBXE 4.6: Acreditar as titulacións existentes

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

En febreiro de 2018 obtívose a acreditación por IchemE (Acción A) das titulacións de Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos.

OBXE 4.7: Estudar a carga real subxectiva de traballo das titulacións

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Está implantada, e incorporada no PEC, dende o curso 2014-2015 a enquisa de opinión sobre a carga de traballo (Acción A) para as materias de Grao. Nas materias de máster, dado o pequeno volume de estudantes, realizase dende a coordinación da titulación.

2.5. LIÑE 5: Xestión Administrativa

A quinta liña estratéxica enfocase cara os aspectos de xestión administrativa, pois estes procesos son un punto importante de interacción dos nosos usuarios co centro.

O obxectivo estratéxico fundamental desta liña é traballar na mellora, que debe ser continua, destes procesos. Dentro de todos os procesos relacionados con esta liña destaca a revisión dos procesos de comunicación co obxectivo de asegurar a dispoñibilidade da información en tempo e forma. Por último, pero non menos importante, é necesario avanzar no coñecemento da percepción da xestión que teñen os usuarios.

OBXE 5.1: Coñecer a percepción subxectiva da xestión do centro

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Os limitados recursos humanos dispoñibles para xestión levaron a tomar a decisión de non ampliar, de momento, o número de enquisas (Acción A) que se realizan dende o centro adicando todo o esforzo a aspectos relacionados coa calidade da docencia. Por

outra banda, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos está a abordar novas áreas de toma de información que pode facer innecesaria a realización dende o centro. Algúns indicadores do SGC proporcionan información neste ámbito.

OBXE 5.2: Mellora as políticas de comunicación

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

De momento non foi posible de mellorar a Web do centro (Acción A). A USC tiña previsto actualizar as Webs de centro a finais do curso 2014-2015 pero esta actualización aínda está pendente. A ETSE participou como centro de proba piloto. A última actualización indica que estará dispoñible a comezos do curso 2019-2020. Nesta liña destaca a posta en marcha do Twitter do centro (Acción B) en abril de 2014 como nova canle de comunicación de novidades. A finais do curso 2017-2018 contaba con mais de 700 seguidores. No obxectivo de fomentar o coñecemento das actividades non docente do centro por parte dos estudantes (Acción C) habilitouse en xaneiro de 2018 un espazo onde o PDI das titulacións do centro pode visualizar os resultados da súa investigación. Así mesmo, reservase espazo para os dous axentes principais de investigación: CiTIUS e CRETUS.

OBXE 5.3: Mellora dos procesos administrativos

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Aínda que o cumprimento dos prazos dos procesos administrativos (Acción A) non depende só da vontade da dirección e/ou a administración do centro senón dos actores que deben realizar as xestións, a mellora no seguimento dos procesos tivo como froito unha melloran este aspecto. Todas as actas das comisións do centro publícanse na Web (Acción B) dende outubro de 2015 segundo establece o PEC. A revisión dos formularios dispoñibles na Web (Acción C) no foi abordada en espera da futura actualización da Web institucional do centro.

2.6. LIÑE 6: Servizos

A sexta liña estratéxica enfocase cara os servizos complementarios que ofrece o centro. Aínda que en moitos casos a súa xestión non depende do centro e, por tanto, as posibilidades de actuar sobre estes é limitada, si deben ser unha preocupación porque afectan a vida no centro.

O obxectivo estratéxico central desta liña é o coñecemento da forma en que se desenvolven os servizos complementarios. É fundamental incidir neste coñecemento para coñecer a súa realidade é poder deseñar accións de mellora.

OBXE 6.1: Coñecer o funcionamento subxectivo dos servizos do centro

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Os limitados recursos humanos dispoñibles para xestión levaron a tomar a decisión de non ampliar, de momento, o número de enquisas (Acción A) que se realizan dende o

centro adicando todo o esforzo a aspectos relacionados coa calidade da docencia. Por outra banda, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos está a abordar novas áreas de toma de información que pode facer innecesaria a realización dende o centro.

OBXE 6.2: Aportar dotación de equipamento aos servizos

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

No curso 2016-2017 substituíronse os ordenadores dos postos de traballo e de consulta de catálogo por estudantes (Acción A) da Biblioteca do centro. En función das dispoñibilidades orzamentarias faise unha permanente revisión das necesidades dos diferentes servizos.

OBXE 6.3: Mellorar o servizo de cafetería

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

En outubro de 2014 foi a apertura da nova concesión da Cafetería, consecuencia do concurso realizado uns meses antes (Acción A). Era unha necesidade fortemente demandada por todos os grupos de interese do centro.

2.7. LIÑE 7: Relacións coa Sociedade

A sétima, e última, liña estratéxica abarca todo o relativo as relacións entre o centro e os diferentes axentes sociais co que este se relaciona.

O obxectivo estratéxico mais importante desta liña está relacionado cos axentes sociais que teñen influencia indirecta na docencia que se imparte no centro. Neste senso destacan as empresas coas que o centro ten convenios para o desenvolvemento de prácticas en empresa ou a realización de traballos fin de estudos.

OBXE 7.1: Internacionalización

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Nesta liña (Acción A) destaca a renovación completa dos folletos informativos de todas as titulación do centro e a Newsletter en inglés do Departamento de Enxeñaría Química (marzo 2015 o primeiro número; envío directo é a 1500 correo-e: egresados, administración, empresa, comunidade ETSE, IchemE). En febreiro de 2017 se completa o deseño dun semestre de mobilidade na titulación de Grao en Enxeñaría Química con 10 materias en inglés. No curso 2017-2018 obtense o selo de calidade IchemE para as titulación de Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

OBXE 7.2: Relacións co tecido empresarial

Grao de Execución	0%	10%	20%	30%	40%	50%	60%	70%	80%	90%	100%
-------------------	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	------

Os limitados recursos humanos dispoñibles para xestión levaron a tomar a decisión de non ampliar, de momento, o número de enquisas (Acción A) que se realizan dende o

centro adicando todo o esforzo a aspectos relacionados coa calidade da docencia. Por outra banda, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos está a abordar novas áreas de toma de información que pode facer innecesaria a realización dende o centro. Tamén é importante o aumento do número de Convenios do centro con diferentes axentes do tecido empresarial (Acción B). Actualmente situase en 108 para GrEI, 100 para GrEQ, 82 para MEnA e 56 para MEQB. Estes datos permiten, entre outros aspectos, garantir a oferta de practicas en empresas das diferentes titulacións.

3. Criterio 1: Organización e Desenvolvemento

Este criterio corresponde a primeira parte da dimensión 1, xestión do título, e está relacionado coas directrices 2 (deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos) e 3 (garantía do aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no estudantes) do programa FIDES-AUDIT.

Dimensión 1: Analizase a organización e desenvolvemento do plano de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que se facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, analízala, implementar accións de mellora e realizar o oportuno seguimento das mesmas.

Estándar Criterio 1:

O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo as condicións establecidas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- x O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.
- x O plano de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.
- x O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plano de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, establécense as accións de mellora oportunas.
- x Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.
- x A aplicación das diferentes normativas contribúe a eficiencia nos resultados do título.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E1. Memorias viventes dos títulos	Disponibles na ACSUG http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0313_graos_memorias.html http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC
E2. Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os planes de mellora	Disponibles na ACSUG

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E3. Análise do perfil real de ingreso/egreso	Dende a dirección da ETSE realízanse dúas enquisas propias para coñecer aspectos dos estudantes de nova incorporación (perfil de ingreso) e a adquisición das competencias recollidas nas memorias dos títulos (perfil de egreso). Os resultados para os graos están públicos na sección Enquisas ETSE da páxina de calidade (usc.es/etse/calidade) do centro. Os resultados, tanto en graos como en másteres, son analizados nas Comisións de Título. Nos dous casos, as principais conclusións trasládanse a esta Memoria.
E4. Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...)	Nas seccións Graos e Másteres da páxina Web institucional de ETSE (usc.es/gl/centros/etse/) pódese acceder a toda a información das titulacións do centro. Nas actas das diferentes comisión de títulos recóllense as evidencias do análise e aprobación das guías docentes de cada curso.
E5. Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Título e da Comisión de Calidade do Centro.	Na páxina Web usc.es/etse/organizacion atópanse accesos á información da Comisión de Calidade, da Comisión de Seguridade e Saúde e das Comisións dos diferentes Títulos de Grao e Máster. Na páxina Web de cada Comisión atopase información sobre o seu regulamento, os membros actuais e as actas das reunións celebradas.
E6. Lista de estudantes que solicitaron o recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.)	As comisións de títulos son as responsables de avaliar e aprobar os recoñecementos de créditos. Nas actas das diferentes comisión de títulos recóllense as correspondentes evidencias (Ver E5).
E7. Recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación	As comisións de títulos son as responsables de avaliar e aprobar os recoñecementos de créditos. Nas actas das diferentes comisión de títulos recóllense as correspondentes evidencias (Ver E5).
E8. Conclusións dos procedementos de consulta interna e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título / Valoración dos resultados de aprendizaxe.	Os procedementos de consulta defínense e analízanse na Comisión de Calidade. Nas actas da comisión de calidade recóllense as correspondentes evidencias. O Plano Executivo de Calidade, que se aproba anualmente, establece as condicións das diferentes iniciativas (dispoñible na páxina Web, usc.es/etse/pmetse , do plano de mellora do centro). As principais conclusións trasládanse a esta Memoria.
I1. Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	
I2. No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	
I3. Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados)	
I4. Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	
I15. Media de estudantes por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, ...)	

3.1. Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE

Neste apartado realízase a avaliación do Panel de Indicadores do Sistema de Garantía da Calidade, dos Informes elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e da Documentación e Resultados das Enquisas propias do Centro.

En cada táboa de datos aparece, para cada título, o valor dos indicadores nos tres últimos cursos (de arriba a abaixo: 2017-2018, 2016-2017 e 2015-2016). Para os indicadores que tiñan valor obxectivo nas respectivas Memorias de Título, o valor na memoria aparece con fondo gris precedido por unha letra M. Cando existen informes detallados da ACMP, documentos ETSE e/ou resultados de enquisas ETSE a analizar, estes aparecen a continuación dos indicadores.

As valoracións que aparecen a continuación de cada táboa foron realizadas en cada título no marco da Comisión do correspondente Título como análise previo ao deseño e proposta das Accións de Mellora. Nos casos nos que os valores dos indicadores non están desagregados por títulos o análise realízase a nivel de centro no marco da Comisión de Calidade do centro.

Planificación do Título	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
Indicadores SGC						
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.22: Informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación; apartado planificación e desenvolvemento das ensinanzas [Nivel Título] INF.23: Informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación; apartados obxectivos e competencias e planificación e desenvolvemento das ensinanzas					
Documentación ETSE	[usc.es/etse/calidade --> Documentación] Recomendacións para a elaboración das guías docentes da ETSE [usc.es/etse/calidade --> Enquisas ETSE] Enquisas de carga de traballo					
Enquisas ETSE						

- **ETSE** As recomendacións para a elaboración de guías docentes, aprobadas no marco da Comisión de Calidade, permiten definir un estándar de calidade común para os programas de todas as materias de todos os títulos. As enquisas de carga de traballo permiten avaliar se as diferentes materias dos diferentes títulos están a desenvolverse, en termos de tempo de traballo dos estudantes, de acordo ao planificado nas respectivas memorias de titulación.
- **GrEI+DGIM** As enquisas amosan resultados positivos en canto a planificación e desenvolvemento das ensinanzas excepto nos horarios da titulación e, en xeral, na distribución temporal das materias. Tamén amósase unha baixada na satisfacción coa coordinación entre materias que se ben é superior a media da USC é lixeiramente inferior á valoración do curso anterior. É importante ter en conta a baixa participación dos estudantes na enquisa (por debaixo do 15% no curso 2017/18 e entorno ao 5% no curso anterior) o que a fai moi sensible as valoracións individuais. Será por tanto necesario ampliar a información en relación a estes

aspectos a través doutros mecanismos como as reunións de coordinación cos estudantes e coa delegación de alumnas e alumnos. Por outra banda a valoración dos profesores é moi positiva en todos os aspectos da organización das ensinanzas, por encima da media da USC e con tendencia alcista en relación ao curso anterior. A participación do persoal docente foi próxima ao 35%.

- **GrEQ** O título está actualizado segundo os requisitos da disciplina. O plano de estudos desenvólvese seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada. Neste curso académico revisáronse as guías docentes das materias do grao co fin de incluír nelas o tipo de actividades xerais de avaliación continua previamente definido de xeito que a carga docente que representan para o estudantes sexa proporcional ao seu peso na avaliación. A carga de traballo avalíase mediante enquisas específicas e neste curso observouse que aínda así os estudantes consideran que a carga de traballo é superior á indicada na guía do curso. Compre continuar o seguimento destas actividades. A adquisición de competencias, en concreto a creatividade, foi obxecto dunha acción de mellora mediante a aplicación de técnicas de gamestorming e a posterior avaliación dos resultados. A avaliación da adquisición desta capacidade falta por realizarse. Outra acción de mellora que se pretende seguir aplicando no vindeiro curso será a publicación na ferramenta Moodle de cada materia dun modelo de exame. Co fin de mellorar a elaboración do TFG en relación ao emprego das fontes de información se confeccionou un curso de competencias informacionais e a adquisición da competencia será avaliada no vindeiro curso.
- **MEEnA** Valores menores de satisfacción do estudantado (todos por debaixo de 3) con respecto o ano 2016-17 (todos por enriba de 3). Unha diferenza importante de esa enquisa foi a súa baixa taxa de participación (20.34%) fronte as outras dúas (maiores do 50%). Haberá que seguir este indicador en vindeiras promocións. Por outra banda a satisfacción do profesorado é alta (maior que no último curso) e mantense así entre cursos, con unha participación próxima ó 50%. O indicador que acadou unha peor valoración foi o de "satisfacción cos horarios".
- **MEQB** O alumnado e o profesorado valoran positivamente e, en xeral, en sentido alcista a planificación e desenvolvemento das ensinanzas sendo os puntos máis débiles os horarios e a organización das materias do plan de estudos. Neste sentido desenvolverase unha acción de mellora co obxectivo de mellorar a carga de traballo e a súa distribución no Módulo 2, no que se detectaron máis problemas neste senso. Tamén destaca o incremento do ítem relativo á coordinación de materias na valoración do profesorado que foi obxecto dunha acción de mellora no curso anterior. Propóñense dúas novas accións de mellora neste ámbito: a análise da carga de traballo asociada a avaliación continua a través da enquisa interna de avaliación dos módulos e o desenvolvemento dunha xornada sobre a investigación do Departamento de Enxeñaría Química co obxectivo de orientar aos estudantes na selección das materias optativas do Módulo 4.
- **MTAD** O máster desenvólvese seguindo un esquema de tres módulos (Big Data, Ciencia de Datos e Intelixencia de Negocio) e as materias actualízanse anualmente segundo a evolución das tecnoloxías. As guías docentes revísanse anualmente

aplicando os procesos establecidos pola ETSE e os departamentos responsables das materias. A incorporación de novos bloques temáticos ou seminarios especializados motivou a incorporación dalgunha acción de mellora. As enquisas de valoración do alumnado e do profesorado tiveron unha baixa porcentaxe de participación polo que non procede extraer conclusións das mesmas, aínda que, en todo caso, revelan valores razoables de satisfacción co título. En vindeiras convocatorias intentarase promover unha maior participación.

Acceso ao Título	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN01 Prazas ofertadas	M:60	M:10	M:60	M:25	M:30	M:13
	60	10	60	30	30	13
	55	10	60	30	30	13
	55	10	60	30	30	16
IN03 Matrícula de acceso	71	9	62	28	19	13
	66	10	64	27	22	13
	67	11	66	28	19	17
IN04 Matrícula de novo ingreso por preinscrición	69	10	60	28	19	13
	61	10	60	28	22	13
	61	11	62	28	19	17
IN05 Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición (%)	+13,11	0,00	0,00	0,00	-13,64	0,00
	0,00	-9,09	-3,23	0,00	+15,79	-23,53
	-7,58	-	-4,62	0,00	+18,75	-
IN12 Taxa de ocupación (%)	115,00	100,00	100,00	93,33	63,33	100,00
	110,91	100,00	100,00	93,33	73,33	100,00
	110,91	110,00	103,33	93,33	63,33	106,25
Informes ACMP	[Nivel Título] DatosCPonte: Datos do curso ponte [Nivel Título] INF.CIUG: Estatística CIUG [Nivel Título-Máster] I2: Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** A oferta de prazas do DGIM xurdiu a costa de 5 prazas do GrEI e 5 de matemáticas. Este é o motivo polo cal en dos cursos académicos a oferta de prazas do GrEI decreceu a 55. A demanda de estudantes que solicitan acceso ao GrEI como principal opción foi case o triple da oferta (169 sobre 60). Neste curso o número total de solicitudes é case 10 veces o número de prazas dispoñibles (582 sobre 60). Sería necesario revisar a memoria do título co obxectivo de aumentar o número de prazas de novo acceso ofertadas.
- **GrEQ** A titulación ten unha boa demanda, sendo unha titulación senlleira no eido da Enxeñaría na USC. Os resultados evolucionan de acordo ao estimado na memoria do título e é interesante salientar o feito de que case a totalidade da matrícula de acceso corresponde á matrícula de novo ingreso por preinscrición (a diferenza inferior ao 5%).
- **MEaA** Nada que comentar, pois mantívose a alta ocupación da titulación próxima ao 100%.

- **MEQB** Os datos reflicten unha matrícula que tende a estabilizarse despois dun período de crecemento, a pesar do lixeiro descenso con respecto ao curso inmediatamente anterior. Cunha taxa de ocupación do 63% aínda estamos lonxe de cubrir a oferta polo que propónse unha acción de mellora destinada a aumentar a matrícula de estudantes de novo ingreso a través da creación de dobres títulos con Universidades Iberoamericanas. A acreditación internacional IchemE do título acadada no ano 2018 e con validez ata o ano 2022 é un claro indicativo de calidade e pode contribuír a captación de estudantes do exterior. Ao mesmo tempo, quere mellorarse a difusión do Máster a nivel tanto nacional como internacional a través das redes sociais por medio dun vídeo explicativo en castelán e inglés. En canto ao perfil de ingreso, responde ao establecido na memoria do título. O 89% dos alumnos son Graduados en Enxeñaría Química ou titulacións equivalentes (todas conducentes á profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial. Esp. Química industrial) e os restantes Enxeñeiros Químicos, perfil que tende a desaparecer pola extinción da titulación.
- **MTAD** O total de prazas ofertadas foron cubertas por estudantes que se matricularon no prazo ordinario. Igual que sucedera en anos anteriores, houbo moitos máis solicitantes que prazas. As 13 prazas foron ofertadas 10 na convocatoria xeral e 3 na convocatoria anticipada (para estudantes de fora do EEES). Para as 3 prazas anticipadas houbo 20 solicitudes e para as 10 prazas da convocatoria xeral houbo 36 solicitudes. Isto reflicte o alto interese que produce o máster para unha gran variedade de estudantes.

Perfil de Ingreso	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN06 Nota media de acceso por preinscrición (5-14)	11,73	13,29	10,36	6,88	7,08	7,21
	10,82	13,20	10,39	6,97	7,02	7,47
	10,63	12,73	10,88	6,96	6,80	7,93
IN07 Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%)	100,00	100,00	100,00	93,75	100,00	88,89
	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
IN08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	1,23	0,00	0,97	6,78	0,00	11,11
	0,94	0,00	0,67	7,02	0,00	10,53
	0,60	0,00	0,00	5,17	5,71	5,88
IN09 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	0,31	0,00	1,29	30,51	16,67	5,56
	0,00	0,00	0,33	33,33	21,43	5,26
	0,00	0,00	0,33	18,97	22,86	5,88
IN10 Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	90,00	90,00	61,67			
	78,18	90,00	66,67			
	96,36	100,00	95,00			
IN11 Relación de estudantes solicitantes sobre as prazas ofertadas	Non dispoñible					
Informes ACMP						
Documentación ETSE						

Perfil de Ingreso	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
Enquisas ETSE	[usc.es/etse/calidade --> Enquisas ETSE] Enquisas Perfil Estudiantes de Nova Incorporación					

- **GrEI+DGIM** A nota de corte do GrEI e do DGIM seguen unha tendencia crecente, en consonancia co aumento polo interese en cursar estas titulacións. A nota de corte é a máis alta a nivel de España en titulacións de Enxeñaría Informática. A inmensa maioría dos estudantes nacionais destas titulacións proceden de Galicia. Moi poucos estudantes proceden do estranxeiro.
- **GrEQ** Os estudantes que acceden á titulación proveñen maioritariamente da Comunidade Autónoma de Galicia (nota media de acceso sobre 10). Hai accións en marcha, por exemplo o semestre de mobilidade, con obxectivo de mellorar os valores do indicador IN08.
- **MEaA** A nota de ingreso permanece en valores constantes no rango 6,9-7,0 o cal se valora como positivo, moi por encima do 6 que se avalía no IN07. A porcentaxe de estudantes estranxeiros tamén permanece bastante estable, no rango 5-7%. Nembargantes, a porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia incrementouse grandemente nos pasados 3 anos, dende o 18,97% ata o 30,51%.
- **MEQB** Como no curso pasado seguimos destacando a relativa alta porcentaxe de estudantes de fora de Galicia sobre matriculados, o que reflicte a visualización do Máster no exterior e o seu atractivo dentro da oferta de Másters de Enxeñaría Química en España, que pode tomarse como un indicativo de calidade. Non obstante, como se indicou previamente séguese traballando na mellora da difusión do Máster a través de accións de mellora.
- **MTAD** Baixou lixeiramente a nota media de acceso dos estudantes matriculados. Nos vindeiros cursos seguiremos prestando atención a esta cuestión para analizar si se trata dunha cuestión puntual do curso actual ou unha tendencia de índole mais xeral. As porcentaxes de estudantes estranxeiros e estudantes nacionais de fóra de Galicia mantéñense en niveis similares a anos anteriores. Os estudantes de nova incorporación amosan unha moi boa opinión do máster e teñen un alto interese nas tecnoloxías Big Data e distintos módulos de que consta o título. O informe correspondente a enquisa de estudantes de nova incorporación detalla polo miúdo as valoracións dos estudantes e perspectivas que teñen respecto ao máster.

Relación Graos vs. Másteres	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN13 Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)				30,51 35,09 55,17	78,57 66,67 65,71	33,33 57,89 64,71
IN14 Relación entre matriculados en másteres no centro e número de egresados dese centro (%)				1,18 1,36 1,12		
IN52 Taxa de transición de estudantes de grao a máster (%) (Valor USC)				28,24 39,53 37,45		
Informes ACMP						

Relación Graos vs. Másteres	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **ETSE** O obxectivo do deseño de másteres no centro non se enfoca de xeito preferente sobre os titulados da propia USC. Os títulos, ou ben son interuniversitarios ou ben se deseñan con proxección nacional e internacional. Que a porcentaxe de estudantes non titulados na USC se sitúe, en media, próximo ao 50% considerase, a nivel de centro, coma un éxito.

Mobilidade	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN17 Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (%)	1,23 2,19 1,19	0,00 0,00 0,00	2,26 2,68 2,67	5,08 0,00 0,00	9,52 4,76 0,00	0,00 0,00 0,00
IN18 Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (%)	4,94 1,56 1,79	0,00 0,00 0,00	4,84 5,35 5,33	1,69 3,51 1,72	0,00 7,14 0,00	0,00 0,00 0,00
Informes ACMP	[Nivel Centro] INF.03: Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** O número de estudantes do GrEI e do DGIM que fan uso dos programas de mobilidade é baixo. Un dos motivos pode ser a falta de acordos con centros estranxeiros de fala inglesa. No caso de estudantes recibidos rexistrouse o segundo valor máis alto desde a posta en marcha da titulación do GrEI.
- **GrEQ** O número de estudantes do GrEQ da USC que participan en programas de mobilidade en destinos fora de España está limitado fundamentalmente polo número de convenios dispoñibles nos que o idioma requirido é o inglés, xa que este é normalmente o idioma do que dispoñen os estudantes. A porcentaxe de estudantes recibidos de outras universidades é superior á porcentaxe dos que se van. Una acción realizada para mellorar a recepción de estudantes estranxeiros foi a implantación do "Semestre de Mobilidade".
- **MEaA** En xeral, a mobilidade mantense baixa, como é habitual nos Másteres debido a súa curta duración. Mantense a mobilidade entrante, pero a saínte sigue a ser baixa.
- **MEQB** A porcentaxe de estudantes do Máster enviados pola USC a programas de mobilidade duplicouse con respecto ao curso anterior no que se iniciou a mobilidade no Máster. Este resultado está relacionado co desenvolvemento dunha acción de mellora xa rematada cuxo obxectivo foi mellorar a mobilidade saínte ata un 10%. Cabe sinalar ademais o elevado número de acordos de mobilidade dispoñibles para os estudantes do Máster, o que tamén representa un atractivo para a titulación.

- **MTAD** Os programas de mobilidade, tanto de estudantes saíntes como de entrantes, non se atopan entre os obxectivos do máster.

Prácticas Externas	GrEI	DGIM	GrEQ	MEEnA	MEQB	MTAD
IN22 Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (%)	77,27 84,00 78,26	- - -	100,00 92,11 96,49	100,00 100,00 100,00	95,65 88,24 100,00	0,00 0,00 0,00
Informes ACMP						
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** O interese dos estudantes polo programa de prácticas en empresa é moi elevado. A media de estudantes que participaron no programa non últimos cinco cursos está próximo ao 80%.
- **GrEQ** Aínda que as prácticas externas non son obrigatorias a maior parte dos estudantes, sobre o 90%, optan por realizalas e para tal fin establécense un importante número de contratos con empresas.
- **MEEnA** Mantense o 100%.
- **MEQB** As Prácticas en empresa son obrigatorias polo que o 100% dos estudantes teñen que cursalas ou ben solicitar recoñecemento das mesmas por experiencia profesional desenvolvida (cursos con valores do índice <100%). O contacto coas empresas é un aspecto fundamental para o Máster polo que se propón unha acción de mellora destinada a promover a participación de persoal de empresas nas materias do Máster, inicialmente no Módulo de Investigación e desenvolvemento.
- **MTAD** O Máster, no seu deseño, non contempla prácticas externas.

3.2. Valoracións DAFO

ETSE Criterio 1	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado		<ul style="list-style-type: none"> x Programa de enquisas de centro x Plan Executivo de Calidade x Implicación das Comisións de Títulos na revisión das Guías Docentes
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Non recoñecemento oficial (exencións docentes) do traballo do responsable de calidade 	
GrEI/DGIM Criterio 1	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Baixa taxa de mobilidade de estudantes 	<ul style="list-style-type: none"> x Nivel de formación de estudantes de novo ingreso moi elevado

GrEI/DGIM Criterio 1	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Futuro	x A baixa participación de estudantes e egresados nas enquisas limitan validez a un recurso de información moi valioso	x Demanda de acceso moi elevada e con tendencia crecente; Posibilidade de proposta de aumento de prazas de acceso
GrEQ Criterio 1	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Complexo modificar a memoria do título	x Boa demanda de prazas x Enquisa adquisición competencias x Comité externo x TFG e aula profesional x Programa actualizado segundo acreditación IChemE x Coordinación por cursos x Plan específico de visitas técnicas x Uso de software específico de simulación (ASPEN Hysys)
Futuro	x Dificultade ao afrontar as competencias transversais x Optatividade no bacharelato dos novos estudantes x Aumento da carga de traballo coa avaliación continua	x Elevada participación do PDI nos procesos de actualización x ECTS para o curso de competencias informacionais
MEnA Criterio 1	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Baixa participación do estudiantado nas enquisas	x Solidez en canto á súa viabilidade
Futuro	x Participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción	x Penetración de estudantes doutras comunidades autónomas e mesmo doutros países
MEQB Criterio 1	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Elevado número de competencias por materia na memoria de verificación	x Perfil de ingreso limitado x Cumprimento da memoria de verificación x Revisión anual das guías docentes x Mecanismos de coordinación horizontal e vertical x Plan de visitas técnicas x Actualización continua dos convenios de prácticas en empresa x Acordos de mobilidade ERASMUS en crecemento x Acreditación IChemE x Comité Consultivo externo

MEQB Criterio 1	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Futuro		<ul style="list-style-type: none"> x Aumento dos alumnos estranxeiros por convenios de dobre título x Implicación de profesionais de empresas en materias do Máster
MTAD Criterio 1	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Algúns alumnos procedentes de titulacións de fóra do EEES teñen unha formación con moitas carencias; esta situación lles dificulta acadar o éxito no máster 	<ul style="list-style-type: none"> x Alta demanda de ingreso, sostida en tódolos cursos previos x Alta valoración dos estudantes sobre o máster
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Tendencia á baixa no porcentaxe de alumnos que son graduados da USC 	<ul style="list-style-type: none"> x Cada vez hai un maior coñecemento no noso entorno sobre o máster

3.3. Accións de Mellora

Nesta sección recóllense as Accións de Mellora (AM) en estado de desenvolvemento, tanto a nivel xeral de centro como no nivel individual dos títulos, resultado das reflexións incluídas nesta Memoria de Centro. A información detallada está dispoñible na aplicación de xestión dos sistemas de garantía da calidade (AASX) da USC.

Orixes	Responsables
ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría GrEI: Grao en Enxeñaría Informática DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas GrEQ: Grao en Enxeñaría Química MEnA: Máster en Enxeñaría Ambiental MEQB: Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos MTAD: Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	EDC: Equipo de Dirección do Centro CCC: Comisión de Calidade do Centro CCT: Comisión do Título AMG: Antonio Mosquera González (Responsable de Calidade) JVP: José Varela Pet (Responsable de Mobilidade) DLV: David López Vilariño (Coordinador GrEI) AMC: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora GrEQ) FOP: Francisco Omil Prieto (Coordinador MEnA) JGA: Julia González Álvarez (Coordinadora MEQB) DLC: David Losada Carril (Coordinador MTAD)
PMA: Plan de Melloras da Acreditación IS: Informe de Seguimento MC: Memoria de Centro PdM: Propostas de Mellora	

Na seguinte táboa inclúese un resumo dos datos mais significativos das AM plantexadas para este criterio, como consecuencia das reflexións contidas nesta Memoria de Centro. Na columna da esquerda aparece o código que ten a AM na aplicación AASX da USC e o orixe da AM (segundo a codificación introducida). Na zona central aparece unha descrición resumida da AM, así como os indicadores afectados (en caso de habelos) e os obxectivos a alcanzar nestes indicadores na seguinte Memoria de Calidade do Centro. Na columna da dereita, aparece a información de responsables (segundo a codificación introducida) e data prevista de finalización da AM.

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-GrEI-5 (PMA)	Incremento da porcentaxe de estudantes nos programas de mobilidade <ul style="list-style-type: none"> ✓ Potenciar a oferta de destinos Erasmus que requiran o coñecemento de lingua inglesa 	DLV CCT 05/2019
AM-GrEQ-1 (PdM)	Coordinación entre materias de contidos e actividades <ul style="list-style-type: none"> ✓ Reunións para a coordinación entre as materias implicadas ✓ Avaliación de resultados nas enquisas de satisfacción 	AMC 12/2019
AM-GrEQ-2 (PdM)	Mellora da rúbrica para a avaliación do TFG <ul style="list-style-type: none"> ✓ Mellorar contidos e porcentaxes de avaliación (valoración de comité externo e profesorado) ✓ Coordinar contidos e materias que os imparten 	AMC 12/2019
AM-GrEQ-6 (PdM)	Competencias informacionais no TFG <ul style="list-style-type: none"> ✓ Avaliación da consolidación da competencia 	AMC 12/2019
AM-GrEQ-7 (PdM)	Mellora das prácticas de laboratorio <ul style="list-style-type: none"> ✓ Revisión das infraestruturas dos laboratorios ✓ Propostas de reparación ou introdución de novas prácticas ✓ Análise da metodoloxía docente 	AMC 12/2019
AM-GrEQ-8 (PdM)	Aumentar a presenza de mulleres de novo ingreso <ul style="list-style-type: none"> ✓ Aumentar o número de propostas no programa A Ponte feitas por mulleres ✓ Verificar a porcentaxe muller/home de novo ingreso nos vindeiros cursos académicos 	AMC 12/2019
AM-MEnA-1 (PMA)	Actualización da memoria do título <ul style="list-style-type: none"> ✓ Revisión e actualización de todos os ítem da memoria do título 	FOP CCT 12/2019
AM-MEnA-3 (PdM)	Estudio da modificación do número máximo de estudantes estranxeiros admitidos <ul style="list-style-type: none"> ✓ Revisión da limitación do número máximo de estudantes estranxeiros admitidos no proceso de matrícula 	FOP CCT 06/2019
AM-MEnA-4 (PdM)	Mellorar a difusión da titulación <ul style="list-style-type: none"> ✓ Realizar un novo vídeo de difusión de la titulación Indicador: IN09; Obxectivo: Aumentar	FOP CCT 06/2019
AM-MEQB-1 (PdM)	Promover a colaboración coas empresas nas materias del Máster <ul style="list-style-type: none"> ✓ Busca de empresas colaboradoras ✓ Participación de persoal da empresa en clases das materias Indicador: % de materias con participación; Obxectivo: 25% de las materias del Módulo 4	JGA AMC CCT 12/2019
AM-MEQB-5 (PdM)	Creación de dobres títulos e/ou acordos de mobilidade con Universidades Iberoamericanas <ul style="list-style-type: none"> ✓ Establecer contactos con Universidades Iberoamericanas ✓ Desenvolver o convenio ✓ Difundir o convenio e captar/enviar estudantes de intercambio Indicador: Número de convenios; Obxectivo: 1 Indicador: Número de estudantes recibidos; Obxectivo: 1	JGA CCT Outros 12/2019

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-MTAD-9 (IS)	Mellorar o perfil xeral de coñecementos e competencias dos estudantes que acceden ao máster <ul style="list-style-type: none">✓ Reducir a oferta de prazas no cupo non EEES✓ Aumentar a oferta de prazas no cupo ordinario (na mesma proporción)	DLC 05/2019

4. Criterio 2: Información e Transparencia

Este criterio corresponde a segunda parte da dimensión 1, xestión do título, e está relacionado coa directriz 6 (información pública) do programa FIDES-AUDIT.

Dimensión 1: Analizase a organización e desenvolvemento do plano de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. **Analizase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que se facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese,** así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, analízala, implementar accións de mellora e realizar o oportuno seguimento das mesmas.

Estándar Criterio 2:

A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- x A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E9. Páxina Web da universidade/centro/título (debe estar incluída, como mínimo, a información pública mínima)	A Web institucional de centro (usc.es/gl/centros/etse/index.html) e a Web propia da ETSE (usc.es/etse/) conteñen seccións adicadas a cada título onde está pública a información dos títulos.
I4. Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	

4.1. Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE

Neste apartado realízase a avaliación do Panel de Indicadores do Sistema de Garantía da Calidade, dos Informes elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e da Documentación e Resultados das Enquisas propias do Centro.

En cada táboa de datos aparece, para cada título, o valor dos indicadores nos tres últimos cursos (de arriba a abaixo: 2017-2018, 2016-2017 e 2015-2016). Para os indicadores que tiñan valor obxectivo nas respectivas Memorias de Título, o valor na memoria aparece con fondo gris precedido por unha letra M. Cando existen informes detallados da ACMP, documentos ETSE e/ou resultados de enquisas ETSE a analizar, estes aparecen a continuación dos indicadores.

As valoracións que aparecen a continuación de cada táboa foron realizadas en cada título no marco da Comisión do correspondente Título como análise previo ao deseño e proposta das Accións de Mellora. Nos casos nos que os valores dos indicadores non están desagregados por títulos o análise realízase a nivel de centro no marco da Comisión de Calidade do centro.

Información Pública	GrEI	DGIM	GrEQ	MEEnA	MEQB	MTAD
IP1. Denominación do título						
IP2. Número de créditos e duración do título						
IP3. Centro responsable do título, ou no seu caso, departamento ou instituto						
IP4. Coordinador/a e/o responsable do título						
IP5. Centro/s onde se imparte o título						
IP6. No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s						
IP7. Tipo de ensinanza						
IP8. Número de prazas de novo ingreso ofertadas						
IP9. Idiomas nos que se imparte o título						
IP10. Profesións reguladas para as que capacita, no seu caso						
IP11. Normativa de permanencia						
IP12. Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos						
IP13. Memoria vixente do título						
IP14. Obxectivos do título						
IP15. Competencias xerais						
IP16. Competencias específicas						
IP17. Criterios de acceso e admisión						
IP18. Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso						
IP19. Perfil de ingreso recomendado						
IP20. Condicións ou probas de acceso especiais, se existen						
IP21. Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe						
IP22. Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso						
IP23. Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo						
IP24. Horarios						
IP25. Guías docentes/Programación docente						
IP26. Traballo fin de grao/máster (Comisións de avaliación, convocatorias, temáticas, etc.)						
IP27. Información sobre as prácticas externas, se as tivera (entidades colaboradoras,...)						
IP28. Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto,...)						
IP29. Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos						
IP30. Aulas e seminarios						
IP31. Laboratorios						
IP32. Salas de informática						
IP33. Salas de estudo						

Información Pública	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IP34. Biblioteca						
IP35. Outros servizos dispoñibles						
IP36. Espazos para os representantes de estudantes						
IP37. Resultados do título (Taxa de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito, avaliación, inserción laboral)						
IP38. Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docentia)						
IP39. Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do centro						
IP40. Política e obxectivos de calidade del centro						
IP41. Manual e procedementos do SGIC						

- **ETSE** En xeral, cúmprense os requisitos de información pública. Toda a información está contida na Web de título, na Web de centro e/ou na Web institucional da USC aínda que sería necesario mellorar a coordinación entre as tres. Para complementar a información dispoñible nas diferentes Webs, dende o centro editáanse anualmente dúas guías que, ademais de estar dispoñibles na Web de centro, entréganse a tódolos estudantes de nova incorporación de todas as titulacións: O "Calendario ETSE" con todas as datas importantes do curso e a "Guía ETSE Estudantes" con variada información de interese (usc.es/etse/calidade --> Información Curso). Na revisión deste curso detectouse que é necesario mellorar a visibilidade dos elementos de información pública IP2 (sería bo que aparecera asociado tamén ao plano de estudos), IP10 (está un pouco escondido e é moi importante), IP27 (non están dispoñibles as entidades colaboradoras), IP36 (non está indicado o local destinado á delegación de estudantes no listado de infraestruturas) e IP39 (falta explicitar o órgano responsable do SGC). Dado que está en marcha unha iniciativa institucional de mellora xeral de Webs da USC, a acción de mellora a nivel de centro coordinarase con desenvolvemento da iniciativa institucional.

Egresados	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN23 Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (1-5)	3,53 3,97 3,38	- - -	3,47 3,27 3,24	3,06 3,47 3,38	3,28 3,56 3,37	4,25 4,11 -
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.09: Informe da enquisa de satisfacción de egresados/as; apartado satisfacción coa información, xestión académica e reclamacións [Nivel Título] INF.22: Informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación; apartado xestión da calidade [Nivel Título] INF.23: Informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación; apartado xestión da calidade					
Documentación ETSE	[usc.es/etse] Páxina Web ETSE [usc.es/etse/calidade --> Plans de mellora da ETSE] Informe de Queixas, Suxerencias e Reclamacións					
Enquisas ETSE						

- **ETSE** É de esperar que as novas Webs de Universidade e Centro veñan a solucionar os problemas que se detectan nas opinións dos egresados.
- **GrEI+DGIM** A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible aínda que diminuíu con respecto a curso anterior, atópase en valores superiores a media dos últimos cinco cursos.
- **GrEQ** A información pública dispoñible sobre o grao é avaliada polos egresados satisfactoriamente. Aínda que estaba planificado non se levou a cabo a análise de usuarios da páxina web e o twitter da ETSE mediante unha enquisa á comunidade ETSE.
- **MEEnA** A valoración dos egresados mantense por enriba de 3 con un incremento substancial no derradeiro ano en case que tódolos indicadores.
- **MEQB** Os egresados móstranse satisfeitos coa información pública aínda que valoran fundamentalmente a dispoñible a través da web da USC e do propio centro/título. Aínda que houbo un lixeiro descenso do indicador traballouse para mellorar a información a través de canles adicionais como o curso virtual de coordinación, twitter ou pantallas informativas.
- **MTAD** A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible sobre o máster é moi alta.

4.2. Valoracións DAFO

ETSE Criterio 2	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Baixo atractivo da páxina Web institucional actual x Dificultades de accesibilidade da información na páxina Web do centro/título x Atraso na implementación da nova páxina Web x Non existe información sobre o uso das ferramentas de comunicación x Información incompleta para estudantes extranxeiros 	<ul style="list-style-type: none"> x Información dos títulos a través das páxinas Web x Pantallas informativas x Redes sociais x Implicación de docentes no programa A Ponte x Procedementos claros de transmisión de información
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Páxinas Web doutros centros/universidades máis atractivas x Incremento excesivo no número de documentos elaborados e información dispoñible x Dificultade para seleccionar a información importante 	<ul style="list-style-type: none"> x Acreditación IchemE x Nova páxina Web x Inclusión de novos materiais de difusión (vídeos, etc.)

4.3. Accións de Mellora

Nesta sección recóllense as Accións de Mellora (AM) en estado de desenvolvemento, tanto a nivel xeral de centro como no nivel individual dos títulos, resultado das reflexións incluídas nesta Memoria de Centro. A información detallada está dispoñible na aplicación de xestión dos sistemas de garantía da calidade (AASX) da USC.

Orixes	Responsables
ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría GrEI: Grao en Enxeñaría Informática DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas GrEQ: Grao en Enxeñaría Química MEnA: Máster en Enxeñaría Ambiental MEQB: Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos MTAD: Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	EDC: Equipo de Dirección do Centro CCC: Comisión de Calidade do Centro CCT: Comisión do Título AMG: Antonio Mosquera González (Responsable de Calidade) JVP: José Varela Pet (Responsable de Mobilidade) DLV: David López Vilariño (Coordinador GrEI) AMC: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora GrEQ)
PMA: Plan de Melloras da Acreditación IS: Informe de Seguimento MC: Memoria de Centro PdM: Propostas de Mellora	FOP: Francisco Omil Prieto (Coordinador MEnA) JGA: Julia González Álvarez (Coordinadora MEQB) DLC: David Losada Carril (Coordinador MTAD)

Na seguinte táboa inclúese un resumo dos datos mais significativos das AM plantexadas para este criterio, como consecuencia das reflexións contidas nesta Memoria de Centro. Na columna da esquerda aparece o código que ten a AM na aplicación AASX da USC e o orixe da AM (segundo a codificación introducida). Na zona central aparece unha descrición resumida da AM, así como os indicadores afectados (en caso de habelos) e os obxectivos a alcanzar nestes indicadores na seguinte Memoria de Calidade do Centro. Na columna da dereita, aparece a información de responsables (segundo a codificación introducida) e data prevista de finalización da AM.

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-ETSE-1 (PdM)	Páxinas Web de centro e de títulos <ul style="list-style-type: none"> ✓ Incorporación como centro piloto no proxecto de transformación institucional de Webs ✓ Deseño do prototipo de páxina Web de centro e título ✓ Implantación das novas Webs institucionais de centro ✓ Migración e reordenación do contido da Web actual á nova Web 	EDC Outros USC 12/2019
AM-GrEQ-9 (PdM)	Dispoñibilidade de vídeo divulgativo <ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaboración de vídeo divulgativo 	AMC 12/2019
AM-GrEQ-11 (PMA)	Sistematización e coordinación entre a páxina web da ETSE e a USC <ul style="list-style-type: none"> ✓ Cambio de formato e visualización da páxina web 	AMC 12/2019
AM-MEnA-5 (PdM)	Aumentar a presenza da titulación en ránking de tipo institucional <ul style="list-style-type: none"> ✓ Analizar o Ranking CYD//U-Multirank 	FOP CCT 12/2019

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-MEQB-2 (PdM)	Xornada sobre a Investigación do Departamento de Enxeñaría Química <ul style="list-style-type: none"> ✓ Busca de grupos de investigación participantes ✓ Organización e celebración da xornada 	JGA AMC CCT 12/2019
AM-MEQB-4 (PdM)	Vídeo para difusión nacional e internacional <ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaboración do vídeo ✓ Difusión do vídeo. 	JGA CCT Outros 09/2019
AM-MEQB-6 (PdM)	Redeseño da Web da ETSE e actualización dos contidos do Máster <ul style="list-style-type: none"> ✓ Deseño dos contidos da Web da ETSE no relativo ao Máster ✓ Posta en funcionamento da nova Web Indicador: Indicadores; Obxectivo: Obxectivo	JGA AMG CCT 12/2019
AM-MTAD-3 (IS)	Comunicar de modo efectivo e claro as restricións existentes para a asignación de Matrículas de Honra <ul style="list-style-type: none"> ✓ Incorporar explicitamente un punto sobre a asignación de Matrículas de Honra na reunión introdutoria de inicio de curso 	DLC 10/2018
AM-MTAD-8 (IS)	Mellorar o coñecemento sobre o máster para estudantes da USC <ul style="list-style-type: none"> ✓ Sesión informativa para estudantes do último curso de titulacións de informática e afíns ✓ Deseñar accións específicas de comunicación online (listas de distribución de estudantes en distintos centros) 	DLC 06/2019

5. Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade

Este criterio corresponde a terceira parte da dimensión 1, xestión do título, e está relacionado coa directriz 1 (política e obxectivos de calidade) do programa FIDES-AUDIT.

Dimensión 1: Analizarase a organización e desenvolvemento do plano de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que se facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, **así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, analízala, implementar accións de mellora e realizar o oportuno seguimento das mesmas.**

Estándar Criterio 3:

A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Aspectos a valorar:

- x O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propor accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.
- x A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garanta a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.
- x O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, si procede, establecece as melloras oportunas.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E5. Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Título e da Comisión de Calidade do Centro.	Na páxina Web usc.es/etse/organizacion atópanse accesos á información da Comisión de Calidade, da Comisión de Seguridade e Saúde e das Comisións dos diferentes Títulos de Grao e Máster. Na páxina Web de cada Comisión atopase información sobre o seu regulamento, os membros actuais e as actas das reunións celebradas.
E10. Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Na páxina Web usc.es/etse/calidade está recollida toda a información do Sistema de Garantía da Calidade, tanto no nivel marco (manual e procedementos) da USC como no nivel de centro a través do manual simplificado.
E11. Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC)	Na páxina Web da Área de Calidade e Mellora dos Procedemntos adicada ao Sistema de Garantía da Calidade, usc.es/gl/servizos/calidade/sgic.html , está dispoñible a última versión do manual de procesos e procedementos. Esta Memoria de Calidade recolle reflexión sobre a implantación dos procedementos do SGC.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E12. Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Na páxina Web usc.es/etse/calidade atópanse accesos ao plan de mellora global do centro e aos plans de mellora de cada unha das titulacións (ata 2015-2016). Os diferentes plans de mellora están organizados por cursos académicos.
E13. Análise sobre as enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución)	As enquisas de satisfacción analízanse nas reunións do profesorado definidas no Plano Executivo de Calidade e nas Comisión de Título. O análise que se fai da participación e dos resultados están incorporados as actas das correspondentes comisión (Ver E5) e as principais conclusións trasládanse a esta Memoria.
E14. Certificación da implantación do SGC	Dispoñible na ACSUG. O certificado de implantación está dispoñible no apartado de calidade da páxina Web do centro (usc.es/etse/calidade)
I4. Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	
I5. Resultados dos indicadores do SGC	

5.1. Revisión dos Procesos do Sistema de Garantía da Calidade

Neste apartado faise unha pequena reflexión sobre a eficacia da execución dos procesos incluídos no SGC do centro. O obxectivo desta revisión non é a modificación dos procesos en vigor actualmente (SGC 2015). Como se comenta no apartado seguinte, está en marcha un proceso de actualización do SGC moi significativo, cunha nova versión marco institucional, que fai que non teña sentido realizar un esforzo de actualización do sistema actual a nivel de centro. O obxectivo da revisión, que se fai neste apartado da Memoria, é adquirir coñecemento que poida ser aplicado na revisión completa que se comenta no seguinte apartado da Memoria e que constituira a principal acción de mellora asociada a este criterio.

PE-01 Determinación da política e os obxectivos de calidade do centro

A política e os obxectivos de calidade deben manterse como a base da xestión de calidade. Neste proceso, o desenvolvemento do Plan Estratéxico é un eixo fundamental. É necesario adaptar o desenvolvemento mediante programación plurianuais á elaboración das Memorias de Centro xa que poderían existir contradicións entre ambos mecanismos. Os plans de mellora deben ter un procedemento claro e específico para o seu desenvolvemento.

PE-02 Creación do comité consultivo no centro a canalización da súa actuación

A creación e actuación dos comités consultivos é fundamental para garantir a relación entre o desenvolvemento da oferta docente e as necesidades da sociedade, especialmente o tecido empresarial. Sen embargo, non parece necesario que un aspecto tan específico conte cun procedemento separado. Pode ser integrado nun procedemento xeral de planificación estratéxico. É necesario trasladar a experiencia xa obtida na implantación ao

correspondente procedemento do SGC, aínda que as diferencias respecto ao desenvolvido neste procedemento son menores.

PC-01G Deseño da oferta académica de graos

O deseño da oferta de graos é responsabilidade do Vicerreitorado con competencias neste tema polo tanto este procedemento debe ser trasladado a un Manual de Procedementos Institucional.

PC-01M Deseño da oferta académica de másteres

O deseño da oferta de másteres é responsabilidade do Vicerreitorado con competencias neste tema polo tanto este procedemento debe ser trasladado a un Manual de Procedementos Institucional.

PC-02 Revisión da oferta académica

A revisión da oferta académica é responsabilidade do Vicerreitorado con competencias neste tema polo tanto este procedemento debe ser trasladado a un Manual de Procedementos Institucional.

PC-03 Supresión do título

A supresión de títulos é responsabilidade do Vicerreitorado con competencias neste tema polo tanto este procedemento debe ser trasladado a un Manual de Procedementos Institucional.

PC-04 Planificación das ensinanzas

Neste procedementos existen partes que dependen dun nivel institucional (PIAA, POD, etc.) e partes que dependen do centro (horarios, exames, programas de materias, etc.). As partes de nivel institucional deben ser trasladadas a un Manual de Procedementos Institucional. Nas partes que dependen do centro é necesario facer un esforzo para implicar na súa elaboración a todos os grupos de interese. Isto non e sinxelo, pois o tempo do que se dispón é moi reducido por necesidades de procedemento global. É necesario reflexionar para conseguir balancear ambos obxectivos, análise profundo e velocidade de procedemento, normalmente incompatibles. Na programación das materias, en particular, é necesario darlle protagonismo ás normas elaboradas pola Comisión de Calidade para guiar o desenvolvemento dos mesmos.

PC-05 Captación de estudantes na USC

Neste procedemento é necesario axustar de forma permanente a enquisa que se desenvolve a nivel de centro aos estudantes de nova incorporación para que sexa un mecanismo importante de coñecemento sobre o perfil de ingreso. A definición da forma de participación do centro en programas como A Ponte é fundamental na definición deste procedemento. O Plan Executivo de Calidade debe contemplar actividades relacionadas

coa acollida de novos estudantes. E debe ter un apartado específico na Memoria de Centro.

PC-06 Tutoría e orientación ao estudante

Os procesos de orientación ao estudante sufriron diferentes modificacións durante os últimos anos. Esta experiencia acumulada demostra que é unha actividade difícil de definir e estabilizar. É, sen dúbida, un dos procesos ao que adicar especial interese na próxima revisión. Unha parte desenvólvese a nivel institucional co cal debe pasar a formar parte dun Manual de Procedementos Institucional. O Plano Executivo de Calidade debe definir o desenvolvemento das actividades relacionadas con este procedemento.

PC-07 Coordinación da actividade docente

Este procedemento debe constituírse nun dos procedementos centrais do novo SGC no nivel de centro. Neste marco, o Plano Executivo de Calidade debe ser un dos piares para a construción desta coordinación, xa que nel defínense as diferentes reunións con grupos de interese para a revisión do desenvolvemento do procedemento e os mecanismos para a utilización da información que se obtén en ditas reunións. O traballo a desenvolver nas Comisións de Títulos para analizar a información obtida e deseñar accións de mellora é fundamental. Tamén é necesario revisar e aclarar a distribución de funcións dos/as Coordinadores/as de Título e Coordinadores de Cursos/Módulos nas tarefas asociadas a este procedemento.

PC-08 Xestión da mobilidade

Este procedemento pódese agrupar co de coordinación da actividade docente, e seguir as mesmas directrices, nun procedemento xeral para o desenvolvemento das ensinanzas. En principio non parece necesario incluír modificacións significativas.

PC-09 Xestión de prácticas externas

Este procedemento pódese agrupar co de coordinación da actividade docente, e seguir as mesmas directrices, nun procedemento xeral para o desenvolvemento das ensinanzas. En principio non parece necesario incluír modificacións significativas.

PC-10 Realización do traballo fin de grao/máster

Este procedemento pódese agrupar co de coordinación da actividade docente, e seguir as mesmas directrices, nun procedemento xeral para o desenvolvemento das ensinanzas. En principio non parece necesario incluír modificacións significativas.

PC-11 Avaliación da aprendizaxe

Este procedemento ten dúas vertentes de significado moi diferente. Por un lado, o que fai referencia as garantías de avaliación, co cumprimento das normativas aprobadas na Universidade, que debe trasladarse a un Manual de Procedementos Institucionais. Por

outro lado, o que fai referencia a adquisición de coñecementos que debe ser outro dos procedementos centrais do novo SGC de centro. Neste segundo aspecto, o desenvolvemento das actividades incluídas no Plano Executivo de Calidade é central para conseguir o obxectivo.

PC-12 Información pública

A garantía de que a información pública é precisa, actualizada e completa é un dos temas importantes a revisar na nova versión do SGC a nivel de centro. Incorporar a súa avaliación na Memoria de Centro pode ser unha boa estratexia para forzar a súa revisión permanente.

PS-01 Xestión dos recursos humanos

Este procedemento debe trasladarse ao novo manual separando claramente os aspectos que dependen do centro, fundamentalmente demanda razoada, e os aspectos que dependen do nivel institucional relativos a xestión de persoal, oferta pública de prazas, etc. Debese prestar especial atención ao desenvolvemento de accións de formación.

PS-02 Xestión dos recursos materiais

Este procedemento trasladarase ao novo manual separando claramente os aspectos que dependen do centro, fundamentalmente demanda razoada, e os aspectos que dependen do nivel institucional.

PS-03 Xestión dos servizos

Non parece necesario a existencia dun procedemento específico con estes contidos xa que os servizos esténdense transversalmente sobre o resto de procedementos. No que depende do centro é necesario telo en conta en todos os procedementos afectados.

PS-04 Control dos documentos e dos rexistros

A xestión documental é fundamental para o desenvolvemento de evidencias da implantación do SGC. Pero é completamente necesario flexibilizar os formatos que supoñen actualmente un marco demasiado ríxido.

PM-01 Medición, análise e mellora

A definición do proceso de revisión do propio SGC é fundamental. Pero é preciso que se converta nun proceso áxil. No que se refire a análise de indicadores, a súa revisión agrupada e estruturada no marco da Memoria de Centro asociada a unha Certificación Institucional é, sen dúbida, o mellor camiño. No caso da ETSE é necesario prestar especial atención a como coordinar o traballo a facer nas Comisións de Títulos, específicas para as competencias técnicas propias de cada título, coas directrices de centro a nivel de Comisión de Calidade. Na nova versión do SGC de centro farase énfase na necesidade de

definir accións de mellora con indicadores e obxectivos de mellora de indicadores relacionados.

PM-02 Medición da satisfacción dos grupos de interese

A sistemática para a medición da satisfacción dos grupos de interese debe ser sempre obxecto de permanente revisión e actualización. Xa que Area de Calidade e Mellora dos Procedementos da Universidade realiza tarefas moi significativas neste ámbito, as accións dende o centro deben coordinarse de forma permanente. No caso de enquisas propias de centro, o Plan Executivo de Calidade conterá as instrucións necesarias para o seu desenvolvemento.

PM-03 Xestión das incidencias

Neste aspecto é necesario afondar no Informe Anual comezado a desenvolver fai un par de cursos e, sobre todo, en como obter experiencias do análise deste informe que permitan desenvolver accións preventivas de futuras incidencias. Tamén é necesario facer unha revisión sobre o proceso de tramitación que garanta que a información asociada a resolución chega de forma eficiente á persoa que realizou a queixa ou suxestión (agás suxestións anónimas).

5.2. Actualización do Sistema de Garantía da Calidade

Como xa se comentou na introdución desta Memoria, o feito mais importante no que atinxe a Sistema de Garantía de Calidade (SGC) foi a obtención da Certificación de Implantación en xullo de 2016. Este fito marca un punto final dunha etapa e, ao mesmo tempo, o punto de partida da etapa actual.

O proceso de Certificación da Implantación xerou un Plan de Acción de Mellora (PAM) do SGC da ETSE que contemplaba un total de 10 iniciativas. Aínda que, como xa se comentaba no propio PAM, *"cabe destacar que a responsabilidade sobre algúns delas (por exemplo, no que se refire ao SGC marco da USC) transcende ao centro"*. O total das Accións de Mellora poden agruparse en tres grandes grupos: as cinco primeiras teñen relación con procedementos da Área de Xestión e Mellora dos Procedementos da USC, a sexta é unha Acción de Mellora de amplo espectro que debe situarse no nivel de responsabilidade do Vicerreitorado con competencias en calidade en coordinación posterior coa dirección do centro e as catro últimas teñen relación máis directa cos procedementos de calidade do centro.

A acción, indicada previamente como de amplo espectro, é a pedra angular do proceso de actualización do SGC pois compromete a revisión completa do manual de procesos e procedementos que forma o SGC, tanto dende o nivel institucional como dende o nivel de centro. A terceira edición do Manual do Sistema de Garantía de Calidade foi aprobada o 22 de febreiro de 2018 na Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno. Este feito supón o punto de partida para a posibilidade de execución das Accións de Mellora previstas a nivel de centro. O seu aspecto mais destacado é a identificación e diferenciación dos procesos institucionais respecto dos procesos a nivel centro. A previsión

actual e terminar o seu deseño durante o curso 2018-2019 é implantalo a partir do comezo do curso 2019-2020.

No próximo ciclo de calidade prestarase especial atención á particularización a nivel de centro dos documentos xerais aprobados recentemente. Con este obxectivo deseñárase unha Acción de Mellora, continuación da do ciclo anterior, que consistirá na finalización da elaboración do Manual da ETSE do SGC. Durante ese mesmo período, abordaranse os obxectivos das Accións de Mellora 7, 8 e 9, con especial atención á que ten por obxectivo específico a inclusión de valores cuantitativos nas Accións de Mellora a propoñer.

5.3. Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE

Neste apartado realízase a avaliación do Panel de Indicadores do Sistema de Garantía da Calidade, dos Informes elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e da Documentación e Resultados das Enquisas propias do Centro.

En cada táboa de datos aparece, para cada título, o valor dos indicadores nos tres últimos cursos (de arriba a abaixo: 2017-2018, 2016-2017 e 2015-2016). Para os indicadores que tiñan valor obxectivo nas respectivas Memorias de Título, o valor na memoria aparece con fondo gris precedido por unha letra M. Cando existen informes detallados da ACMP, documentos ETSE e/ou resultados de enquisas ETSE a analizar, estes aparecen a continuación dos indicadores.

As valoracións que aparecen a continuación de cada táboa foron realizadas en cada título no marco da Comisión do correspondente Título como análise previo ao deseño e proposta das Accións de Mellora. Nos casos nos que os valores dos indicadores non están desagregados por títulos o análise realízase a nivel de centro no marco da Comisión de Calidade do centro.

SGC	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
Indicadores SGC						
Informes ACMP						
Documentación ETSE	[usc.es/etse/calidade --> Sistema de Garantía da Calidade] SGC [usc.es/etse/calidade --> Plans de mellora da ETSE] Plan executivo de calidade					
Enquisas ETSE						

- **ETSE** Nos últimos anos, púxose de manifesto que o Plan Executivo de Calidade (PEC) é unha excelente ferramenta para o desenvolvemento de actividades de coordinación, pois resume a experiencia adquirida ao longo dos anos. Cobra especial importancia cando se producen modificacións nos Coordinadores de Títulos e/ou Coordinadores de Curso/Módulo facilitando de xeito importante a transferencia de coñecemento. En xeral, executáronse todas as actividades previstas no PEC aínda que con lixeiros desaxustes nas datas previstas no documento debido a circunstancias sobrevidas (de feito, o propio plantexamento de datas concretas no PEC é so a nivel de referencia). Destacar tamén neste apartado as accións levadas a cabo para impulsar a participación de estudantes nos diferentes órganos de

representación (Xunta de Escola, Comisión de Títulos, etc.) tradicionalmente deficitaria.

5.4. Valoracións DAFO

ETSE Criterio 3	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Participación nas reunións dos Grupos de Interese x Exceso de información (indicadores) que pode diluír cuestións máis importantes x Nos másteres interuniversitarios, dificultade para a centralización / uniformización dos indicadores de calidade 	<ul style="list-style-type: none"> x Cultura de mellora continua x Plan executivo de Calidade x Acreditación OHSAS 18001 x Acreditación IchemE x Comités Externos Consultivos x Indicadores proporcionados pola ACMP x Enquisas propias de Centro x Difusión das actas das Comisións de Títulos x Informe de suxestións, queixas e reclamacións
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Alta carga de burocrática do SGC x Baixa implicación do profesorado no SGC x Información non visibilizada axeitadamente fronte a outros centros 	<ul style="list-style-type: none"> x Novo manual do SGC x Nova páxina Web x Centralización da información na aplicación de calidade x Participación estudantes na Xunta de Escola e Comisións de Títulos

5.5. Accións de Mellora

Nesta sección recóllense as Accións de Mellora (AM) en estado de desenvolvemento, tanto a nivel xeral de centro como no nivel individual dos títulos, resultado das reflexións incluídas nesta Memoria de Centro. A información detallada está dispoñible na aplicación de xestión dos sistemas de garantía da calidade (AASX) da USC.

Orixes	Responsables
ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría GrEI: Grao en Enxeñaría Informática DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas GrEQ: Grao en Enxeñaría Química MEnA: Máster en Enxeñaría Ambiental MEQB: Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos MTAD: Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	EDC: Equipo de Dirección do Centro CCC: Comisión de Calidade do Centro CCT: Comisión do Título AMG: Antonio Mosquera González (Responsable de Calidade) JVP: José Varela Pet (Responsable de Mobilidade) DLV: David López Vilariño (Coordinador GrEI) AMC: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora GrEQ)
PMA: Plan de Melloras da Acreditación IS: Informe de Seguimento MC: Memoria de Centro PdM: Propostas de Mellora	FOP: Francisco Omil Prieto (Coordinador MEnA) JGA: Julia González Álvarez (Coordinadora MEQB) DLC: David Losada Carril (Coordinador MTAD)

Na seguinte táboa inclúese un resumo dos datos máis significativos das AM plantexadas para este criterio, como consecuencia das reflexións contidas nesta Memoria de Centro.

Na columna da esquerda aparece o código que ten a AM na aplicación AASX da USC e o orixe da AM (segundo a codificación introducida). Na zona central aparece unha descrición resumida da AM, así como os indicadores afectados (en caso de habelos) e os obxectivos a alcanzar nestes indicadores na seguinte Memoria de Calidade do Centro. Na columna da dereita, aparece a información de responsables (segundo a codificación introducida) e data prevista de finalización da AM.

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-ETSE-2 (PMA)	<p>Nova versión do SGC de Centro</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Adaptación do Manual Institucional do SGC ao Centro ✓ Implantación dos procedementos do novo Manual de Procedementos de Centro do SGC ✓ Incrementar o número de obxectivos cuantitativos nas accións de mellora ✓ Fomentar o aumento de estudantes nos órganos colexiados (Xunta de Escola e Comisións de Títulos) <p>Indicador: Número de AM con obxectivo cuantitativo; Obxectivo: 2 AM por título Indicador: Número de estudantes en órganos colexiados (XdE, CT); Obxectivo: Aumentar</p>	AMG 07/2019
AM-GrEI-7 (PdM)	<p>Aumento da presenza de estudantes en Xunta de Escola e nas Comisións delegadas, principalmente na Comisión da Titulación</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Difundir entre os estudantes a importancia da súa participación e promover a súa implicación en eleccións 	DLV CCT 07/2019

6. Criterio 4: Recursos Humanos

Este criterio corresponde a primeira parte da dimensión 2, recursos, e está relacionado coa directriz 4 (garantía e mellora da calidade dos recursos humanos) do programa FIDES-AUDIT.

Dimensión 2: Analizase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles **para garantir a consecución dos resultados definidos polo título.**

Estándar Criterio 4:

O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Aspectos a valorar:

- x **Persoal académico.** O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plano de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.
- x **Persoal de apoio** (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio a docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación á a adecuada, tendo en conta as características do plano de estudos.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E15. Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado de cada título (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). CV no caso de profesionais externos.	Dispoñible no informe E15 na aplicación AASX para cada título do centro. Os resultados analízanse no marco das Comisión de Título.
E16. Información sobre o persoal de apoio por centro (número e cargo/posto desempeñado, etc.)	Dispoñible no informe E16 na aplicación AASX para o centro. Os resultados son analizados pola Dirección do Centro.
E17. Análise das enquisas de avaliación da docencia (porcentaxe de participación, resultados e evolución...)	As enquisas de avaliación da docencia analízanse no marco das correspondentes Comisión de Título. O análise que se fai da participación e dos dos resultados están incorporados as actas das correspondentes comisión (Ver E5) e as principais conclusións trasládanse a esta Memoria.
I4. Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	
I6. Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	
I7. Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	
I8. Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, avaliación...)	
I9. Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos	

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
I10. Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesorado que participa en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)	
I15. Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, ...)	

6.1. Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE

Neste apartado realízase a avaliación do Panel de Indicadores do Sistema de Garantía da Calidade, dos Informes elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e da Documentación e Resultados das Enquisas propias do Centro.

En cada táboa de datos aparece, para cada título, o valor dos indicadores nos tres últimos cursos (de arriba a abaixo: 2017-2018, 2016-2017 e 2015-2016). Para os indicadores que tiñan valor obxectivo nas respectivas Memorias de Título, o valor na memoria aparece con fondo gris precedido por unha letra M. Cando existen informes detallados da ACMP, documentos ETSE e/ou resultados de enquisas ETSE a analizar, estes aparecen a continuación dos indicadores.

As valoracións que aparecen a continuación de cada táboa foron realizadas en cada título no marco da Comisión do correspondente Título como análise previo ao deseño e proposta das Accións de Mellora. Nos casos nos que os valores dos indicadores non están desagregados por títulos o análise realízase a nivel de centro no marco da Comisión de Calidade do centro.

Recursos PDI	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN24 Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total (%)	93,18	92,77	91,30	96,15	88,00	100,00
* Media USC Graos: 81,80	87,23	88,64	88,46	95,83	84,00	94,12
* Media USC Másteres: 82,45	90,24	-	95,92	96,30	87,50	88,89
IN25 Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (%)	93,62	92,22	91,84	92,86	100,00	100,00
* Media USC Graos: 83,27	90,38	91,75	96,36	92,31	100,00	100,00
* Media USC Másteres: 87,49	93,48	-	96,36	90,00	96,15	100,00
IN26 Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (%)	72,34	77,78	69,39	71,43	72,00	73,33
* Media USC Graos: 59,83	65,38	75,26	70,91	73,08	80,00	72,22
* Media USC Másteres: 58,91	71,74	-	70,91	56,67	69,23	85,71
IN27 Porcentaxe de PDI avaliado con resultado satisfactorio (DOCENTIA)	Non Dispoñible					
IN30 Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	Extinguído 2014-2015					

Recursos PDI	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
Informes ACMP	[Nivel Centro] I10: Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título [Nivel Título] E15: Plan de ordenación docente; Información sobre o profesorado [Nivel Título] INF.23: Informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación; apartado recursos humanos					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **ETSE** A idade media dos recursos de PDI dos diferentes títulos foi crecendo durante os últimos anos froito da crise que non permitiu un adecuado procedemento de renovación xeneracional. É a preocupación máis importante neste ámbito nestes momentos. Os indicadores actuais mostran resultados correctos pero é necesario tomar xa medidas para evitar potenciais problemas futuros.
- **GrEI+DGIM** A plantilla docente amosa un claro perfil investigador cunha porcentaxe de PDI doutor e con sexenios de investigación moi por encima da media da USC.
- **GrEQ** Os indicadores mostran que a situación actual é axeitada. As accións levadas a cabo van no camiño de mellorar a renovación xeneracional. Por exemplo, a estabilización dun profesor novo mediante unha praza de Profesor Contratado Doutor que mitigará as vindeiras xubilacións do próximo trienio.
- **MEaA** Profesorado que reúne unha moi alta experiencia docente e investigadora, moi por enriba da media da universidade.
- **MEQB** Todos os indicadores reflicten unha elevada cualificación (PDI doutor, con sexenios e funcionarios) do PDI do Máster sendo ademais superiores á media dos Másters da USC. Ademais na enquisa de satisfacción do profesorado móstrase unha elevada valoración da coherencia nos criterios de asignación da docencia e a capacitación do persoal.
- **MTAD** Todo o PDI do máster é doutor e ten sexenios. Existe ademais un alto porcentaxe de profesorado funcionario (en torno ao 75%, análogo a cursos anteriores).

Recursos Docentes	GrEI	DGrEIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN31 Media de alumnos por grupo de teoría	54,26	error	52,17	20,27	13,63	13,00
	52,78	-	47,80	21,29	16,83	13,67
* Media USC Graos: 53,95	54,92	-	51,32	21,22	15,24	16,29
* Media USC Másteres: 16,41						
IN32 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	22,44	37,00	25,57	19,46	13,30	13,57
	22,37	-	25,44	21,04	16,20	14,00
* Media USC Graos: 21,77	24,35	-	25,22	20,92	15,59	16,13
* Media USC Másteres: 17,72						
Informes ACMP						
Documentación ETSE						

Recursos Docentes	GrEI	DGrEIM	GrEQ	MEEnA	MEQB	MTAD
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** A media de estudantes por grupos de docencia tanto interactiva como expositiva é lixeiramente máis baixa que a media dos últimos cinco cursos académicos. Estes valores semellan axeitados tendo en conta as instalacións da ETSE.
- **GrEQ** Os valores dos indicadores axústanse aos programados na memoria do título.
- **MEEnA** A media de estudantes por grupo de teoría e de docencia interactiva permanece constante en torno a 20, un valor axeitado aínda que lixeiramente por riba da media dos Máster da USC.
- **MEQB** A media de estudantes por grupo de teoría e de docencia interactiva, determinados polo número de estudantes de novo ingreso, permite desenvolver adecuadamente a docencia.
- **MTAD** Baixou a media de estudantes por grupo de teoría e interactiva. Isto non ten moita transcendencia pois os datos de hai dous anos teñen a súa explicación nunha maior oferta de prazas na USC (para compensar unha menor matrícula de estudantes na Universidad de Murcia). A partir de agora entendemos que o número de estudantes na USC estará en torno a 13.

Satisfacción PDI coa Docencia	GrEI	DGIM	GrEQ	MEEnA	MEQB	MTAD
IN47 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (1-5)	4,07 3,75 3,84	4,05 3,83 -	3,72 3,68 3,78	4,30 3,99 error	3,95 3,67 3,91	3,42 3,30 3,77
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.14: Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** A satisfacción dos docentes coa docencia repuntou ata os seu valor máis alto dende que se dispón de información, tras tres cursos académicos en descenso, ata niveis similares aos do curso 2013/14.
- **GrEQ** A satisfacción do PDI co docencia do Grao parece amosar o carácter crítico deste cadro de persoal que se manifesta normalmente no seu grande interese pola mellora continua.
- **MEEnA** Os datos de satisfacción do profesorado coa docencia son moi satisfactorios (rango 3,99-4,30).
- **MEQB** O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida é elevado e incrementouse con respecto ao curso anterior o que é moi positivo para o desenvolvemento da labor docente e está en consonancia coa satisfacción do alumnado que se analizará no correspondente apartado. Cabe destacar, a

relativamente alta participación do profesorado na enquisa (50%) manténdose con respecto ao curso pasado.

- **MTAD** As enquisas de satisfacción reflicten unha mellora respecto á satisfacción do curso previo.

Actividades de Formación PDI	GrEI	DGrEIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN28 Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (1-5) (Valor USC)			4,39 4,35 4,33			
Informes ACMP	[Nivel Centro] I6-I7: Participación do PDI e PAS nos plans de formación [Nivel Centro] INF.10: Informe da enquisa de satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **ETSE** Pouco o nada se pode indicar sobre o grao de satisfacción, que é alto, ao tratarse dun valor global para toda a USC. O aspecto que si é mellorable e participación de PDIs nas actividades. É necesario intentar mellorar este dato. A liña de mellora neste ámbito será o deseño de actividades propias no centro.

Recursos PAS	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
Indicadores SGC						
Informes ACMP	[Nivel Centro] E16: Información sobre o persoal de apoio					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **ETSE** O Persoal de Administración e Servizos non é dabondo para levar a cabo as numerosas actividades de xestión desenvolvidas na ETSE. O apoio tanto á docencia como á investigación non é suficiente. En especial, aspectos relacionados coas acreditacións OHSAS e IChemE sobrepasan a capacidade do cadro de PAS do centro.

Satisfacción PAS co Traballo	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN49 Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido			3,44 2,81 3,36			
Informes ACMP	[Nivel Centro] INF.21: Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **ETSE** O indicador de satisfacción do PAS co traballo volteou a valores habituais cualificables como correctos. O excepcional resultado baixo do curso pasado e a dificultade de mellorar os valores actuais están moi relacionados co dimensionamento escaso da actual plantilla.

Actividades de Formación PAS	GrEI	DGrEIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN29 Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas (1-5) (Valor USC)			3,99			
			3,91			
			3,99			
Informes ACMP	[Nivel Centro] I6-I7: Participación do PDI e PAS nos plans de formación [Nivel Centro] INF.11: Informe da enquisa de satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **ETSE** Pouco o nada se pode indicar sobre o grao de satisfacción, que é alto, ao tratarse dun valor global para toda a USC.

6.2. Valoracións DAFO

ETSE Criterio 4	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Falla de formación específica para o PDI x Falla de formación para o PAS (seguridade, inglés,) x Falta de perfil técnico de apoio nas aulas informática 	<ul style="list-style-type: none"> x Perfil investigador do PDI x Adecuación do profesorado en termos de docencia, investigación e transferencia x PAS involucrado na política de calidade
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Falta de renovación xeracional do profesorado x Atraso na incorporación de novo PDI para a renovación do cadro de persoal debido á longa carreira universitaria á que se ven sometidos x Carga burocrática en ascenso que supera a capacidade de traballo de PDI e PAS x Falta de docentes por redución de capacidade docente dalgunhas áreas 	<ul style="list-style-type: none"> x Novos procesos de selección de persoal desenvolvidos pola USC x Xubilacións como ferramenta de renovación x Existencia de un número importante de persoas formadas e nos primeiros estadios da súa carreira profesional que poderían contribuir á renovación do cadro de persoal a piques de retirarse x Cursos de formación docente "ad-hoc"

6.3. Accións de Mellora

Nesta sección recóllense as Accións de Mellora (AM) en estado de desenvolvemento, tanto a nivel xeral de centro como no nivel individual dos títulos, resultado das reflexións incluídas nesta Memoria de Centro. A información detallada está dispoñible na aplicación de xestión dos sistemas de garantía da calidade (AASX) da USC.

Orixes	Responsables
ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría GrEI: Grao en Enxeñaría Informática DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas GrEQ: Grao en Enxeñaría Química MEnA: Máster en Enxeñaría Ambiental MEQB: Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos MTAD: Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	EDC: Equipo de Dirección do Centro CCC: Comisión de Calidade do Centro CCT: Comisión do Título AMG: Antonio Mosquera González (Responsable de Calidade) JVP: José Varela Pet (Responsable de Mobilidade) DLV: David López Vilariño (Coordinador GrEI) AMC: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora GrEQ)
PMA: Plan de Melloras da Acreditación IS: Informe de Seguimento MC: Memoria de Centro PdM: Propostas de Mellora	FOP: Francisco Omil Prieto (Coordinador MEnA) JGA: Julia González Álvarez (Coordinadora MEQB) DLC: David Losada Carril (Coordinador MTAD)

Na seguinte táboa inclúese un resumo dos datos mais significativos das AM plantexadas para este criterio, como consecuencia das reflexións contidas nesta Memoria de Centro. Na columna da esquerda aparece o código que ten a AM na aplicación AASX da USC e o orixe da AM (segundo a codificación introducida). Na zona central aparece unha descrición resumida da AM, así como os indicadores afectados (en caso de habelos) e os obxectivos a alcanzar nestes indicadores na seguinte Memoria de Calidade do Centro. Na columna da dereita, aparece a información de responsables (segundo a codificación introducida) e data prevista de finalización da AM.

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-ETSE-3 (PdM)	Formación Docente de PDI <ul style="list-style-type: none"> ✓ Localización de docentes innovadores en universidades Españolas ✓ Charlas sobre innovación docente vía videoconferencia Indicador: Número de Charlas Impartidas; Obxectivo: 3 Indicador: Número de Docentes participantes nas Charlas; Obxectivo: 10	EDC AMG 07/2019
AM-GrEQ-5 (PdM)	Formación docente do profesorado <ul style="list-style-type: none"> ✓ Promover a realización de estancias con fines docentes ✓ Propor cursos específicos para o PDI 	AMC 12/2019

7. Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos

Este criterio corresponde a segunda parte da dimensión 2, recursos, e está relacionado coa directriz 5 (garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos) do programa FIDES-AUDIT.

Dimensión 2: Analizase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, **así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título.**

Estándar Criterio 5:

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir polos mesmos.

Aspectos a valorar:

- x Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados as características do plano de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E18. Información sobre os recursos materiais do centro e vinculados a cada título	Na subsección Infraestruturas do apartado A Escola na Web institucional do centro (usc.es/gl/centros/etse/) recollese o listado de infraestruturas dispoñibles no Centro. Dado que os diferentes títulos comparten os mesmos recursos non se detalla a división por título.
E19. Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida	Nas diferentes seccións da Web do centro (usc.es/etse/) recóllense as diferentes iniciativas neste tema.
E20. Listado de centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Na páxina Web usc.es/etse/practicasesempresas está a información xeral do programa de prácticas que se completa nas seccións específicas de cada título dispoñibles na Web do centro (usc.es/etse/)
E21. Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título	Dende a Dirección da Biblioteca da ETSE faise unha revisión anual dos programas das materias cara a asegurar a existencia de fondos bibliográficos para cada unha delas.
E22. Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia	Os materias para a aprendizaxe a distancia xestiónanse a través do Campus Virtual (usc.es/gl/servizos/ceta/tecnoloxias/campus-virtual.html)
E23. Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas	Están depositados na Secretaria do Centro.
I4. Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	
I11. Distribución de alumnado por centros de prácticas	

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
I15. Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, ...)	

7.1. Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE

Neste apartado realízase a avaliación do Panel de Indicadores do Sistema de Garantía da Calidade, dos Informes elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e da Documentación e Resultados das Enquisas propias do Centro.

En cada táboa de datos aparece, para cada título, o valor dos indicadores nos tres últimos cursos (de arriba a abaixo: 2017-2018, 2016-2017 e 2015-2016). Para os indicadores que tiñan valor obxectivo nas respectivas Memorias de Título, o valor na memoria aparece con fondo gris precedido por unha letra M. Cando existen informes detallados da ACMP, documentos ETSE e/ou resultados de enquisas ETSE a analizar, estes aparecen a continuación dos indicadores.

As valoracións que aparecen a continuación de cada táboa foron realizadas en cada título no marco da Comisión do correspondente Título como análise previo ao deseño e proposta das Accións de Mellora. Nos casos nos que os valores dos indicadores non están desagregados por títulos o análise realízase a nivel de centro no marco da Comisión de Calidade do centro.

Matricula de Centro	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN02 Matrícula Total	324	23	310	59	42	18
	320	18	299	57	42	19
	335	11	300	58	35	17
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.22: Informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación; apartado recursos materiais e servizos [Nivel Título] INF.23: Informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación; apartado recursos materiais e servizos					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** Os estudantes valoran moi positivamente os espazos destinados ao traballo autónomo do centro. A existencia de salas de reunións e traballo específicas para os estudantes xunto coa distribución de postos de traballo en múltiples zonas do centro facilitan o desenvolvemento do traballo autónomo e en equipos dos estudantes.
- **GrEQ** O número de estudantes continua estable. Este indicador mostra que neste momento a situación é estacionaria de xeito que o número de estudantes de entrada e saída é similar (a porcentaxe de variación non supera o 4%). Isto indica que a duración dos estudos axústase ao sinalado na memoria do grao.
- **MEaA** O número de estudantes da titulación continua estable. En xeral, os datos relativos á satisfacción dos estudantes (INF22) durante ó derradeiro curso indican unha baixa acusada con respecto ó curso 16/17. Nembargantes, esta tendencia non

se observou en outros indicadores. Asemade, a participación foi escasa (20%), polo que terase que por especial atención a este tema. Pola contra, a satisfacción do profesorado (INF23) mantívose en valores moi altos, incrementándose por enriba de 4,5.

- **MEQB** Os recursos materiais e servizos dispoñibles son moi ben valorados polo PDI en continuo crecemento superando en todos os apartados a media dos Másters da USC. A valoración do alumnado tamén é satisfactoria e supera a media dos Másters da USC. Non obstante, cabe sinalar que os recursos bibliográficos son os mellor valorados mentres que os menos valorados son os laboratorios, aulas informática e espazos de traballo autónomo. Neste sentido desenvolveuse unha acción de mellora co obxectivo de mellorar a sinalización de seguridade nos laboratorios de prácticas, que resultou das recomendacións do proceso de acreditación do título por IchemE.
- **MTAD** Ademais dos 13 estudantes de novo ingreso, os restantes son os poucos (5) que non finalizaron o máster no curso anterior (maioritariamente estudantes pendentes de TFM ou de algunha outra materia illada).

Egresados	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN33 Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (1-5)	3,59 4,08 3,42	- - -	3,94 3,90 3,78	3,95 3,33 3,50	3,67 3,58 4,08	4,57 4,27 -
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.09: Informe da enquisa de satisfacción de egresados/as; apartado satisfacción coa titulación e o centro					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** Os egresados valoran tamén positivamente os recursos e servizos do centro. Aínda que de novo é necesario ter en conta a baixa taxa de participación nas enquisas correspondentes (16% no curso 2017/18).
- **GrEQ** Un dos bos indicadores da titulación. Existe unha dedicación pormenorizada e personalizada nos egresados, onde se fai unha xestión caso a caso. É importante manter esta relación cos egresados aos que se invita a participar en actividades relacionadas co grao, charlas, actos de graduación, comité externo, etc.
- **MEaA** A valoración dos egresados mantívose en niveis favorables (3,33-3,95) incrementándose no derradeiro curso.
- **MEQB** Os egresados mostran un grao de satisfacción relativamente alto cos recursos e servizos ofertados superando todos os valores a media da USC e destacando a valoración dos recursos tecnolóxicos.
- **MTAD** A valoración dos egresados é magnífica.

7.2. Valoracións DAFO

GrEI/DGIM Criterio 5	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Aulas de docencia interactiva repartida en dous centros 	<ul style="list-style-type: none"> x Dotación dun laboratorio de electrónica no centro x Distribución de numerosos postos de traballo e salas de reunións para estudantes no centro que facilitan o traballo fora da aula.
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Imposibilidade dunha administración de sistemas axeitada para o tipo de Titulación o que limita a capacidade docente e de aprendizaxe 	
GrEQ Criterio 5	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Imposibilidade de adecuar as aulas a diferentes metodoloxías docentes x Baixo financiamento para materias prácticas x Dificultades operativas nas aulas de informática: Limitación de postos de traballo x Pouco persoal de apoio nas aulas de videoconferencia x Ausencia de persoal asignado ao centro encargado dos sistemas informáticos 	<ul style="list-style-type: none"> x Correctas infraestruturas e equipamentos x Programa de prácticas en empresas x Deseño de prácticas segundo criterios da prevención de riscos laborais x Planta Piloto x Elevado número de convenios para realizar as prácticas en empresa x Fondos bibliográficos adecuados
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Renovación do material inventariable (incluído ordenadores) x Xestión de prácticas a nivel piloto x Complexidade na elaboración dos horarios 	<ul style="list-style-type: none"> x Explorar e incrementar o mecenazgo
MEa Criterio 5	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Presupostos escasos para garantir o mantemento dos equipos experimentais 	<ul style="list-style-type: none"> x Equipación dos laboratorios, en tecnoloxías de augas, que contan co respaldo de grupos de investigación da ETSE
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Escasa dotación orzamentaria de mantemento de equipos de laboratorio que pode acelerar a obsolescencia dos equipamentos 	<ul style="list-style-type: none"> x Novos proxectos de investigación nos que están a participar os grupos de investigación do centro

MEQB Criterio 5	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Baixa dispoñibilidade de aulas informática para as materias de Máster x Dotación insuficiente das aulas informática x Dificultades na adquisición de material inventariable. 	<ul style="list-style-type: none"> x Dispoñibilidade de toda a bibliografía básica recomendada x Elevado número de convenios para las prácticas en empresa x Bo funcionamento e apoio no uso do campus virtual
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Escaseza de aulas para a docencia expositiva e aulas informática coa conseguinte ampliación dos horarios lectivos x Dotación insuficiente das aulas informática 	<ul style="list-style-type: none"> x Maior orzamento para prácticas (funxible e inventariable)

MTAD Criterio 5	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Nalgunhas ocasións eran limitadas as posibilidades de uso de infraestructuras computacionais externas 	<ul style="list-style-type: none"> x Valoración dos egresados x Poucos estudantes repetidores x Convenios con moitas empresas para tutela de TFM
Futuro		<ul style="list-style-type: none"> x Colaboración con centros como o CESGA e o CITIUS para uso de servizos de supercomputación

7.3. Accións de Mellora

Nesta sección recóllense as Accións de Mellora (AM) en estado de desenvolvemento, tanto a nivel xeral de centro como no nivel individual dos títulos, resultado das reflexións incluídas nesta Memoria de Centro. A información detallada está dispoñible na aplicación de xestión dos sistemas de garantía da calidade (AASX) da USC.

Orixes	Responsables
ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría GrEI: Grao en Enxeñaría Informática DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas GrEQ: Grao en Enxeñaría Química MEnA: Máster en Enxeñaría Ambiental MEQB: Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos MTAD: Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	EDC: Equipo de Dirección do Centro CCC: Comisión de Calidade do Centro CCT: Comisión do Título AMG: Antonio Mosquera González (Responsable de Calidade) JVP: José Varela Pet (Responsable de Mobilidade) DLV: David López Vilariño (Coordinador GrEI) AMC: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora GrEQ) FOP: Francisco Omil Prieto (Coordinador MEnA) JGA: Julia González Álvarez (Coordinadora MEQB) DLC: David Losada Carril (Coordinador MTAD)
PMA: Plan de Melloras da Acreditación IS: Informe de Seguimento MC: Memoria de Centro PdM: Propostas de Mellora	

Na seguinte táboa inclúese un resumo dos datos mais significativos das AM plantexadas para este criterio, como consecuencia das reflexións contidas nesta Memoria de Centro.

Na columna da esquerda aparece o código que ten a AM na aplicación AASX da USC e o orixe da AM (segundo a codificación introducida). Na zona central aparece unha descrición resumida da AM, así como os indicadores afectados (en caso de habelos) e os obxectivos a alcanzar nestes indicadores na seguinte Memoria de Calidade do Centro. Na columna da dereita, aparece a información de responsables (segundo a codificación introducida) e data prevista de finalización da AM.

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-ETSE-4 (PdM)	Programa de Mellora do Equipamento Docente <ul style="list-style-type: none"> ✓ Mantemento e mellora das aulas de docencia expositiva ✓ Mantemento e mellora das aulas de informática ✓ Mantemento e mellora dos laboratorios de prácticas 	EDC 12/2019
AM-GrEI-4 (PdM)	Dotación dun laboratorio de electrónica no centro <ul style="list-style-type: none"> ✓ Adquisición de xeradores de ondas, osciloscopios e compoñentes discretos para prácticas de corrente variable 	DLV CCT 02/2019
AM-GrEQ-4 (PdM)	Avaliación e uso docente de Cosmo Walkinside ou similar <ul style="list-style-type: none"> ✓ Inclusión na Aula Profesional 	AMC 12/2019
AM-MTAD-2 (IS)	Visualización das clases de modo repetido <ul style="list-style-type: none"> ✓ Reunión con profesores para analizar os positivos resultados da iniciativa posta en marcha en 2017/2018 e fomentar o uso da nova ferramenta 	DLC 07/2019
AM-MTAD-5 (IS)	Mellorar a calidade do audio e a calidade da imaxe <ul style="list-style-type: none"> ✓ Analizar solucións técnicas para a mellora do audio ✓ Poñer en marcha unha solución concreta para a mellora da calidade do audio ✓ Buscar alternativas para a visualización na USC da imaxe da videoconferencia 	DLC 09/2019

8. Criterio 6: Resultados do Aprendizaxe

Este criterio corresponde a primeira parte da dimensión 3, resultados, e está relacionado coas directrices 2 (deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos) e 3 (garantía do aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no estudantes) do programa FIDES-AUDIT.

Dimensión 3: Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo. **Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).**

Estándar Criterio 6:

Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel MECES da titulación.

Aspectos a valorar:

- x Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E4. Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...)	Nas seccións Graos e Másteres da páxina Web institucional de ETSE (usc.es/gl/centros/etse/) pódese acceder a toda a información das titulacións do centro. Nas actas das diferentes comisión de títulos recóllense as evidencias do análise e aprobación das guías docentes de cada curso.
E8. Conclusións dos procedementos de consulta interna e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título / Valoración dos resultados de aprendizaxe.	Os procedementos de consulta defínense e analízanse na Comisión de Calidade. Nas actas da comisión de calidade recóllense as correspondentes evidencias. O Plano Executivo de Calidade, que se aproba anualmente, establece as condicións das diferentes iniciativas (dispoñible na páxina Web, usc.es/etse/pmetse , do plano de mellora do centro). As principais conclusións trasládanse a esta Memoria.
E24. Listado de TFG/TFM de, polo menos, os 2 últimos cursos académicos (con título, titor e cualificación)	A información está dispoñible nos epígrafes adicados aos traballos fin de grao/máster nas seccións correspondentes as diferentes titulacións na páxina Web do centro (usc.es/etse/).
E25. Informes/listados de cualificacións de cada unha das materias de cada título.	Os resultados analízanse no marco das Comisión de Título (Ver E5) e as principais conclusións trasládanse a esta Memoria.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E26. Mecanismos empregados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe.	Dende a dirección da ETSE realizase unha enquisa de adquisición de competencias sobre diferentes grupos de interese (dispoñible en usc.es/etse/calidade). Os seus resultados, xunto coas cualificación das materias, son analizadas nunha xuntanza de profesores/as da que se recollen as conclusión nas actas da Comisión de Título (Ver E5) e as principais conclusión trasládanse a esta Memoria.
E27. Revisión transversal das materias seleccionadas (material docente, exames ou outras probas de avaliación realizadas,...)	Conservase segundo as condición indicadas na normativa de avaliación da Universidade.
E28: Traballos fin de grado/máster seleccionados	Os TFG e TFM defendidos no centro están depositados na Biblioteca do Centro durante 5 anos. Os TFG e TFM avaliados con Matrícula de Honra sóbense ao repositorio Minerva da USC.
E29: Informes de prácticas	Conservase segundo as condición indicadas na normativa de avaliación da Universidade.
I4. Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	
I12. Indicadores de resultados (taxas globais do título e taxas de rendemento, éxito e avaliación de materia)	

8.1. Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE

Neste apartado realizase a avaliación do Panel de Indicadores do Sistema de Garantía da Calidade, dos Informes elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e da Documentación e Resultados das Enquisas propias do Centro.

En cada táboa de datos aparece, para cada título, o valor dos indicadores nos tres últimos cursos (de arriba a abaixo: 2017-2018, 2016-2017 e 2015-2016). Para os indicadores que tiñan valor obxectivo nas respectivas Memorias de Título, o valor na memoria aparece con fondo gris precedido por unha letra M. Cando existen informes detallados da ACMP, documentos ETSE e/ou resultados de enquisas ETSE a analizar, estes aparecen a continuación dos indicadores.

As valoracións que aparecen a continuación de cada táboa foron realizadas en cada título no marco da Comisión do correspondente Título como análise previo ao deseño e proposta das Accións de Mellora. Nos casos nos que os valores dos indicadores non están desagregados por títulos o análise realízase a nivel de centro no marco da Comisión de Calidade do centro.

Taxas Egresados	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN37 Taxa de graduación (%)	M:40		M:40	M:92	M:70	M:85
* Media USC Graos: 57,97	49,09	-	58,33	100,00	94,74	100,00
* Media USC Másteres: 84,46	58,06	-	70,49	100,00	93,33	70,59
	40,35	-	66,67	100,00	80,00	-

Taxas Egresados	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN38 Duración media dos estudos	4,90	-	4,75	2,07	2,04	1,33
	5,17	-	4,56	2,19	2,06	1,21
* Media USC Graos: 4,98	4,78	-	4,39	2,00	2,00	1,00
* Media USC Másteres: 1,44						
IN39 Eficiencia dos titulados (%)	Extinguído 2014-2015					
IN50 Taxa de éxito dos egresados (%)	88,85	-	87,40	96,06	97,72	95,24
	93,58	-	95,53	99,33	99,60	98,59
	92,73	-	94,66	99,61	100,00	100,00
IN51 Taxa de idoneidade na graduación (%)	27,27	-	36,67			
	32,26	-	59,02			
	26,32	-	40,35			
IN53 Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)	88,74	-	87,40	95,87	97,72	95,24
	86,48	-	90,66	95,77	98,43	93,65
	88,47	-	92,00	99,43	100,00	100,00
Informes ACMP						
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** A duración media dos estudos de GrEI son altos en relación coa media da USC. En parte isto é debido a que unha parte importante de estudantes de cuarto curso incorpóranse ao mercado laboral ou desenvolven prácticas en empresa simultaneamente co desenvolvemento do traballo de fin de grao (TFG) o que alonga a súa finalización. Segundo os datos que dispomos, nos últimos cursos académicos, unha porcentaxe elevada dos estudantes matriculados no TFG non o presentaron no mesmo curso, o que leva a unha maior duración dos estudos. Por outra banda, o número de créditos ECTS asociados ao TFG (16.5) é moi superior á media das titulacións similares a nivel estatal (12). No marco da actualización do Título propónse unha diminución do número de créditos asociados ao TFG.
- **GrEQ** A maioría de indicadores están nos umbrais desexados e aqueles valores que foron fixados na memoria de grao atópanse por riba do valor fixado nela como a taxa da graduación por exemplo. Compre destacar o feito de que a duración media dos estudos acadou un valor superior a 4,6 (definido pola Comisión do título) que corresponde a o 15% de aumento indicado no deseño do título e atópase en 4,75 anos. Ao ser superado este valor umbral faise preciso definir accións específicas de actuación.
- **MEaA** Os principais indicadores do MEaA arrojan datos moi positivos. A destacar a taxa de graduación (100%) e a taxa de eficiencia (>95%). Outra cousa é a duración media dos estudos (2-2,19) que en realidade está mal calculada xa que unicamente compútanse números enteiros (só hai mestrados de 1 ou 2 anos, cando esta titulación é de 1,5). Eses valores (2-2,19) indican que a grande maioría o remata en dous anos (en realidade algúns en 1,5 (febreiro)) e algún en 3 anos. O número real (considerando mestrados de 1,5 anos) sería en torno a 1,8 xa que máis do 90% rematan entre febreiro e xuño.

- **MEQB** A taxa de graduación, en crecemento dende o curso 2015-16, supera nun 26% á proposta na memoria do título e tamén é considerablemente superior á media dos Másters da USC. As taxas de éxito e eficiencia aínda que con lixeiros descenso son moi positivas. A duración media dos estudos mantense estable en torno a dous anos aínda que o obxectivo é reducila tendendo a 1,5 anos. A formula de computo (curso completo) complica a avaliación correcta para másteres de 90 ECTS.
- **MTAD** A taxa de graduación foi moi satisfactoria no último curso analizado. Tamén a taxa de éxito e a de eficiencia están en valores moi satisfactorios. Quizais o punto mais débil é o alongamento da duración media dos estudos. A explicación fundamental radica en que algúns estudantes quedan pendentes do TFM que, pola súa esixencia, resulta difícil de completar en tempo e forma para unha pequena porcentaxe de estudantes. No curso anterior puxemos en marcha una acción orientada a compactar o horario semanal do segundo cuatrimestre para que os estudantes tivesen mais semanas libres para adicarse ao desenrolo de TFM. Esta acción supuxo que no curso 2018/2019 os estudantes teñen xa menos semanas de docencia presencial (pero mais horas por semana) de modo que acaban antes a docencia presencial. Nos próximos informes poderemos ver o efecto desta acción no acurtamento da duración media dos estudos.

Egresados	GrEI	DGIM	GrEQ	MEEnA	MEQB	MTAD
IN42 Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (1-5)	3,63 3,92 3,47	- - -	3,51 3,64 3,55	3,50 3,19 3,46	3,67 3,83 3,91	4,13 3,79 -
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.09: Informe da enquisa de satisfacción de egresados/as; apartado satisfacción coa titulación e o centro					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** O indicador de satisfacción dos egresados diminuíu con respecto ao curso anterior. Con todo é superior á media dos últimos cinco cursos académicos. Con vistas a ter mais información da demanda de competencias e coñecementos das empresas unha fonte directa de información figura nas memorias de prácticas empresa onde hai unha sección específica onde os estudantes deben reflectir o nivel de aplicación de competencias e coñecementos adquiridos no Grao as tarefas a desenvolver na empresa.
- **GrEQ** O grao de satisfacción dos egresados mantense en valores similares. Este é un dato de gran relevancia xa que xustifica o esforzo realizado para levar a cabo accións dirixidas a mellorar o grao de satisfacción deste sector. Esperase que a valoración dos egresados e dos estudantes acade valores similares co tempo. Como xa se indicou na memoria pasada co tempo (cando o número de cohortes sexa suficiente), se terá que monitorizar si existe un efecto da valoración coa proximidade a finalización dos estudos.

- **MEEnA** A valoración dos egresados mantívose en niveis favorabeis (3,19-3,50) incrementándose no derradeiro curso.
- **MEQB** O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación é positivo e mantense nos valores de cursos anteriores. Cabe destacar a elevada taxa de resposta neste curso, 70,59%, fronte ao 28,57% do curso anterior, resultado da acción de mellora desenvolvida relativa ao aumento da taxa de resposta nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese e que continuarase no 2018-19 ata acadar o obxectivo fixado.
- **MTAD** O grao de satisfacción dos egresados é excelente.

Inserción Laboral	GrEI	DGIM	GrEQ	MEEnA	MEQB	MTAD
IN43 Porcentaxe dos titulados que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando	Non Dispoñible					
IN44 Porcentaxe dos titulados que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando en algo relacionado con seus estudos	Non Dispoñible					
IN45 Tempo medio na procura do 1º emprego polos titulados que están traballando	Non Dispoñible					
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.22: Informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación; apartados resultados e orientación ao alumnado [Nivel Título] INF.23: Informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación; apartados resultados e orientación ao alumnado					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE	[usc.es/etse/calidade --> Enquisas ETSE] Enquisas de adquisición de competencias					

- **ETSE** A non dispoñibilidade de datos oficiais de inserción laboral desagregada por títulos complica o análise ata convertelo en case imposible. Esta dificultade intentase diminuír mediante a elaboración de enquisas puntuais propias.
- **GrEI+DGIM** Aínda que non dispoñemos de indicadores do grao de inserción laboral dos egresados do GrEI, numerosos estudos amosan unha taxa moi alta (próxima ao pleno emprego) de profesionais do ámbito da enxeñaría informática.
- **GrEQ** Dado que os estudantes de grao que finalizan os estudos se deciden principalmente por realizar un máster a información relativa á inserción laboral non ten gran relevancia. De todos os xeitos as empresas demandan traballadores con este tipo de formación como se reflicte nas enquisas realizadas nas prácticas en empresa nas que aproximadamente o 62% dos tiores de empresa contrataría ao estudante. Dende a ACMP requiriuse da ACSUG a información detallada por títulos

de todos os aspectos de seguimento de egresados para facilitala centros mediante un informe específico pero non se conseguiu.

- **MEaA** A titulación dispón dun recente estudio propio de inserción laboral (feito en 2018), que está na páxina Web da titulación e que, en xeral, ofrece datos positivos de empregabilidade correspondentes as 5 promocións previas.
- **MEQB** Tanto o profesorado como os egresados valoran positivamente as competencias adquiridas. Así mesmo as actividades de orientación ao alumnado son valoradas moi positivamente polo profesorado. Neste sentido, como resultado dunha acción de mellora da axenda 2017-18, creouse un Comité consultivo externo entre cuxas funcións está traballar na análise das competencias dos egresados. Por outra parte, sería fundamental dispoñer dos índices 43, 44 e 45 para a análise do perfil de egreso estando pendentes de recibir dita información por parte da ACSUG, obxectivo que forma parte da acción de mellora anterior.
- **MTAD** Aínda que non temos indicadores cuantitativos concretos, podemos afirmar que, dadas as características do máster e a información cualitativa que obtemos dos estudantes, egresados e empregadores, podemos afirmar que o total de estudantes titulados atopa emprego relacionado coas competencias do máster (de feito, moitos compatibilizan o máster co seu traballo).

8.2. Valoracións DAFO

ETSE Criterio 6	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Indicadores de empregabilidade ACSUG	
Futuro		
GrEI/DGIM Criterio 6	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado		x A taxa de graduación é superior ao obxectivo marcado na memoria do Título
Futuro		x Un menor peso asociado ao traballo fin de grao pode afectar positivamente a taxa de graduación
GrEQ Criterio 6	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Atraso na terminación dos estudos	x Boa demanda dos egresados no tecido empresarial x Comité externo x Prácticas en empresa x Visitas técnicas
Futuro	x Posible crise no sector empresarial galego por peche de empresas	x Acreditación internacional IChemE

MEnA Criterio 6	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x As guías docentes deben de ser renovadas conforme a evolución da titulación	x Altos resultados das principais taxas e boa inserción laboral dos egresados
Futuro	x A progresiva redución do tecido empresarial de Galicia/España	x O Máster, conxuntamente con outras iniciativas da USC como é a Agrupación Estratéxica CRETUS, pode aspirar a ser un punto importante no desenvolvemento e transferencia de tecnoloxías ambientais
MEQB Criterio 6	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Elevado número de competencias por materia na memoria de verificación x Dificultade na avaliación das competencias x Avaliación do Traballo fin de Máster x Baixas taxas de resposta nas enquisas de satisfacción x Falta de datos de inserción laboral dos egresados 	<ul style="list-style-type: none"> x Enquisa de adquisición de competencias x Acreditación IchemE x Comité Consultivo Externo x Prácticas en empresa obrigatorias x Elevada porcentaxe de TFM desenvolto en empresa
Futuro		<ul style="list-style-type: none"> x Rúbrica para o Traballo fin de Máster x Guía para a avaliación dos resultados da aprendizaxe
MTAD Criterio 6	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Alongamento do período dedicado a cursar o máster	<ul style="list-style-type: none"> x Moi boas taxas de rendemento x Empregabilidade excelente
Futuro	x Outras obrigas dos estudantes (por ex. os que traballan) poden dificultar a finalización dos estudos nun curso académico	x Tendencia al alza de Big Data no entorno empresarial

8.3. Accións de Mellora

Nesta sección recóllense as Accións de Mellora (AM) en estado de desenvolvemento, tanto a nivel xeral de centro como no nivel individual dos títulos, resultado das reflexións incluídas nesta Memoria de Centro. A información detallada está dispoñible na aplicación de xestión dos sistemas de garantía da calidade (AASX) da USC.

Orixes	Responsables
ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría GrEI: Grao en Enxeñaría Informática DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas GrEQ: Grao en Enxeñaría Química MEnA: Máster en Enxeñaría Ambiental MEQB: Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos MTAD: Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	EDC: Equipo de Dirección do Centro CCC: Comisión de Calidade do Centro CCT: Comisión do Título AMG: Antonio Mosquera González (Responsable de Calidade) JVP: José Varela Pet (Responsable de Mobilidade) DLV: David López Vilariño (Coordinador GrEI) AMC: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora GrEQ)
PMA: Plan de Melloras da Acreditación IS: Informe de Seguimento MC: Memoria de Centro PdM: Propostas de Mellora	FOP: Francisco Omil Prieto (Coordinador MEnA) JGA: Julia González Álvarez (Coordinadora MEQB) DLC: David Losada Carril (Coordinador MTAD)

Na seguinte táboa inclúese un resumo dos datos mais significativos das AM plantexadas para este criterio, como consecuencia das reflexións contidas nesta Memoria de Centro. Na columna da esquerda aparece o código que ten a AM na aplicación AASX da USC e o orixe da AM (segundo a codificación introducida). Na zona central aparece unha descrición resumida da AM, así como os indicadores afectados (en caso de habelos) e os obxectivos a alcanzar nestes indicadores na seguinte Memoria de Calidade do Centro. Na columna da dereita, aparece a información de responsables (segundo a codificación introducida) e data prevista de finalización da AM.

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-GrEI-1 (PdM)	Fortalecemento das habilidades de comunicación dos estudantes <ul style="list-style-type: none"> ✓ Desenvolver cursos para a mellora na redacción de documentos técnicos e de presentacións orais ✓ Homoxeneización de criterios de avaliación nas competencias de comunicación entre materias Indicador: Enquisa de Competencias; Obxectivo: Superar o 4 sobre 5 de media en todos os grupos de interese	DLV CCT 05/2019
AM-GrEI-2 (PdM)	Elaboración dunha rúbrica de avaliación dos traballos de fin de grao <ul style="list-style-type: none"> ✓ Desenvolver un borrador de rúbrica de avaliación dos TFG ✓ Difundir o borrador de rúbrica entre os titores tribunais dos traballos de fin de grao ✓ Aprobar unha versión definitiva da rúbrica. 	DLV CCT 05/2019
AM-GrEQ-3 (PdM)	Desenvolvemento de Modelos de Exames <ul style="list-style-type: none"> ✓ Incorporar un modelo de exame en cada materia como material adicional ✓ Resolución dos modelos nas actividades interactivas 	AMC 12/2019
AM-GrEQ-10 (PMA)	Disponibilidade de información detallada do seguimento de egresados <ul style="list-style-type: none"> ✓ Solicitar a AMCP/ACSUG informe específico sobre egresados 	AMC 12/2019

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-MEnA-2 (PMA)	Recollida de datos sobre competencias a estudantes, docentes e empregadores <ul style="list-style-type: none"> ✓ Realización de enquisas a estudantes, docentes a empregadores sobre o nivel de consecución das competencias previstas no título 	FOP CCT 06/2019
AM-MEQB-7 (PdM)	Procedemento para avaliar os resultados do aprendizaxe incluíndo rúbrica para a avaliación do TFM <ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaboración dun informe de indicadores para avaliar os resultados do aprendizaxe ✓ Preparación dunha rúbrica para avaliar as competencias do TFM 	JGA AMC CCT Outros 12/2019
AM-MEQB-8 (PdM)	Obter información de seguimento dos egresados <ul style="list-style-type: none"> ✓ Pedir á ACMP que se requira a ACSUG información detallada por títulos sobre egresados ✓ Elaboración de informe de resultados 	JGA AMG CCT 12/2019
AM-MTAD-4 (IS)	Crear unha lista de distribución de correo con estudantes egresados <ul style="list-style-type: none"> ✓ Crear a lista de correo ✓ Comunicarse con estudantes egresados para que se unan a lista ou grupo de correos 	DLC 09/2019

9. Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento

Este criterio corresponde a segunda parte da dimensión 3, resultados, e está relacionado coas directrices 2 (deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos) e 3 (garantía do aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no estudantes) do programa FIDES-AUDIT.

Dimensión 3: Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo. Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. **Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).**

Estándar Criterio 7:

Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfacen as demandas sociais do seu entorno.

Aspectos a valorar:

- x Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.
- x Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e de outros grupos de interese son adecuados.
- x Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional del título.

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
E12. Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Na páxina Web usc.es/etse/calidade atópanse accesos ao plan de mellora global do centro e aos plans de mellora de cada unha das titulacións (ata 2015-2016). Os diferentes plans de mellora están organizados por cursos académicos.
E13. Análise sobre as enquisas de satisfacción (percentaxe de participación, resultados e evolución)	As enquisas de satisfacción analízanse nas reunións do profesorado definidas no Plano Executivo de Calidade e nas Comisión de Título. O análise que se fai da participación e dos resultados están incorporados as actas das correspondentes comisión (Ver E5) e as principais conclusións trasládanse a esta Memoria.
E30. Análise dos resultados do título (incluídos indicadores de inserción laboral e SIIU)	Os resultados analízanse no marco das Comisión de Título (Ver E5) e as principais conclusión trasládanse a esta Memoria.
I1. Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	
I4. Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	

Evidencia/Indicador	Documento/Enlace
I12. Indicadores de resultados (taxas globais do título e taxas de rendemento, éxito e avaliación de materia)	
I13. Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso	
I14. Resultados de inserción laboral	

9.1. Indicadores SGC, Informes ACMP e Información ETSE

Neste apartado realízase a avaliación do Panel de Indicadores do Sistema de Garantía da Calidade, dos Informes elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e da Documentación e Resultados das Enquisas propias do Centro.

En cada táboa de datos aparece, para cada título, o valor dos indicadores nos tres últimos cursos (de arriba a abaixo: 2017-2018, 2016-2017 e 2015-2016). Para os indicadores que tiñan valor obxectivo nas respectivas Memorias de Título, o valor na memoria aparece con fondo gris precedido por unha letra M. Cando existen informes detallados da ACMP, documentos ETSE e/ou resultados de enquisas ETSE a analizar, estes aparecen a continuación dos indicadores.

As valoracións que aparecen a continuación de cada táboa foron realizadas en cada título no marco da Comisión do correspondente Título como análise previo ao deseño e proposta das Accións de Mellora. Nos casos nos que os valores dos indicadores non están desagregados por títulos o análise realízase a nivel de centro no marco da Comisión de Calidade do centro.

Taxas Estudiantes	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN34 Taxa de rendemento (%)	M:70		M:76	M:95		M:95
* Media USC Graos: 78,46	77,24	94,19	73,66	94,77	98,79	76,11
* Media USC Másteres: 89,32	74,41	92,44	72,35	97,13	96,38	92,03
	72,63	85,22	78,96	96,78	98,29	77,85
IN35 Taxa de éxito (%)	89,97	96,05	84,46	97,28	99,48	99,31
* Media USC Graos: 87,20	85,62	94,83	84,16	100,00	100,00	100,00
* Media USC Másteres: 98,79	86,41	89,09	88,58	100,00	99,54	97,84
IN36 Taxa de avaliación (%)	85,85	98,06	87,21	97,42	99,31	76,64
* Media USC Graos: 89,98	86,90	97,48	85,97	97,13	96,38	92,03
* Media USC Másteres: 90,41	84,06	95,65	89,15	97,01	98,74	79,56
Informes ACMP	[Nivel Título] DatosCPonte: Datos do curso ponte [Nivel Título] INF.17: Informe acreditación de taxa de éxito das materias do plan de estudos [Nivel Título] INF.18: Informe acreditación de taxa de rendemento das materias do plan de estudos [Nivel Título] INF.19: Informe acreditación de taxa de avaliación das materias do plan de estudos					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** As taxas de rendemento e de éxito acadaron o seus valores máis altos desde a posta en marcha do GrEI.

- **GrEQ** As taxas son axeitadas e presentan unhas oscilacións anuais entre o 1% e o 10%. Os valores de todas as taxas son tamén similares ás medias dos graos da USC aínda que lixeiramente inferiores neste último curso ata un 6,5%. Sen embargo noutros cursos acadaron valores similares aos das medias da USC polo que se espera que estes se recuperen. A taxa de rendemento é inferior ao valor proposto na Memoria do Título polo que haberá que facer un seguimento deste valor e intentar recuperalo.
- **MEEnA** Os principais indicadores do MEnA arrojan datos moi positivos. A destacar: taxa de rendemento (>94%), taxa de éxito (>97%) e taxa de avaliación (>97%). Non hai abandono relevante.
- **MEQB** As taxas de rendemento, éxito de avaliación son moi altas, superando en todos os casos á media dos Másters da USC. Por outra parte, non se detectan cambios significativos con respecto aos cursos anteriores. Esta en marcha unha acción de mellora cuxo obxectivo é elaborar un procedemento para avaliar os resultados da aprendizaxe, en base a unha selección dos índices máis significativos e a través da elaboración dunha rúbrica para avaliar o Traballo fin de Máster.
- **MTAD** Baixou a taxa de rendemento e avaliación respecto ao curso anterior e estamos en niveis por debaixo da media dos másteres da USC. Entendemos que isto obedece ao perfil do estudantado, que consta de moitos estudantes que compatibilizan o máster con traballo en empresa. Para facilitar a entrega de traballos, no curso 2016/2017 púxose en marcha a acción de mellora orientada a crear un calendario compartido entre todo o profesorado, incorporar todas as datas de entrega e coordinar a posibilidade de cambios para evitar sobrecargas en datas/semanas específicas. Non parece que no curso 2017/2018 isto tivese efecto algún na mellora destas taxas. Seguiremos analizando as taxas en cursos vindeiros e, en todo caso, nas accións de mellora novas manteremos esta iniciativa para incidir na coordinación das datas de entregas de traballos.

Abandono en Primeiro Curso	GrEI	DGIM	GrEQ	MEnA	MEQB	MTAD
IN40 Taxa de abandono durante o primeiro curso (%)	M:10 7,27	27,27	M:10 3,23			
* Media USC Graos: 16,02	14,29	-	11,29			
	7,27	-	13,33			
IN41 Taxa de abandono RD 1393/2007 (%)	M:10 20,00	-	M:10 16,67	M:0 0,00	M:10 5,26	M:5 0,00
* Media USC Graos: 22,70	19,35	-	16,39	0,00	0,00	11,76
* Media USC Másteres: 5,77	26,32	-	5,26	0,00	20,00	-
Informes ACMP						
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** A taxa de abandono no primeiro curso volteou a valores por debaixo do obxectivo marcado na memoria do Título tras o aumento amosado no curso anterior. Con todo, comezouse unha acción de mellora para a corrección desta desviación. O primeiro paso foi tratar de coñecer os motivos polos cales estes

estudiantes abandonan a titulación e tratar de identificar puntos en común nos que podamos actuar. Sen embargo, a ausencia de resposta dos estudantes implicados non permitiu avanzar nesta acción. Por outra banda, a taxa de abandono inda que é claramente inferior á media dos últimos cinco cursos académicos e á da media global da USC atópase por enriba do obxectivo marcado na memoria do Plan de Estudos. O obxectivo do 10% está lonxe de ser acadado polo que é probable que sexa un obxectivo demasiado ambicioso.

- **GrEQ** Compre seguir a evolución da Taxa de abandono RD 1393/2007 pois como se observa nas oscilacións nos diferentes cursos académicos (cunha tendencia ao aumento entre o 5,26% ao 16,67% nos tres últimos cursos académicos) parece que aínda non está estabilizada. Aínda así os valores están por debaixo dos valores medios correspondentes á titulacións de grao da USC que son do 22,7%. Sen embargo a taxa de abandono durante o primeiro curso da titulación é significativamente menor (entre o 13% e o 3,23% nos tres últimos cursos académicos) en comparación coa da media dos graos da USC que é de 16,02%.
- **MEaA** Non hai abandono relevante.
- **MEQB** A taxa de abandono, aínda que se incrementou con respecto ao curso pasado no que non houbo abandono, é inferior á establecida na memoria do título e á media dos Másters da USC.
- **MTAD** Sen comentarios.

Mobilidade	GrEI	DGIM	GrEQ	MEaA	MEQB	MTAD
IN15 Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (1-5)	- 4,36 3,40	- - -	- 3,62 -	- - -	- - -	- - -
IN16 Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (1-5) * Media USC: 4,13			4,00 5,00 4,67			
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.04: Informe da enquisa de satisfacción de mobilidade saínte [Nivel Centro] INF.05: Informe da enquisa de satisfacción de mobilidade entrante					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** A satisfacción dos estudantes saíntes en programas de mobilidade é moi elevada aínda que non é concluínte pois o número de estudantes que participan neste tipo de programas é moi reducido. Con todo, este baixo interese por este tipo de programas pódese deber a unha oferta pouco atractiva.
- **GrEQ** A información dispoñible sobre o grao de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade no permite sacar conclusións sobre a evolución dos valores. Soamente cabe dicir que en principio esta avaliación é positiva. Por outra banda a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade o último curso académico do que hai datos é próxima á media da USC e

nos anteriores era superior. O valor deste indicador estivo sobre 4 nos tres últimos cursos académicos. As grandes oscilacións deste dato non permiten sacar unha conclusión fixa.

- **MEnA** A mobilidade é moi reducida, este curso 1 persoa fixo o seu TFM na Universidade de Gante (Bélxica), aínda que a súa valoración do programa de mobilidade é moi alta.
- **MEQB** Tivemos cerca dun 10% de alumnos en programas de mobilidade (IN 17=9,52) que foi o obxectivo fixado nunha acción de mellora da axenda 2017-18. Sen embargo, non se dispón do indicador de satisfacción correspondente (IN15). O informe 05 reflicte un moi elevado grao de satisfacción da mobilidade saínte.
- **MTAD** Sen comentarios.

Prácticas Externas	GrEI	DGIM	GrEQ	MEnA	MEQB	MTAD
IN19 Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (1-5)	4,45	-	4,26	3,89	3,85	-
	4,41	-	4,27	4,42	4,21	-
	4,21	-	4,47	4,11	4,10	-
IN20 Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (1-5)	4,40	-	4,11	4,14	4,23	-
	3,74	-	4,18	4,45	4,71	-
	4,09	-	4,28	4,45	4,50	-
IN21 Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas (1-5)	4,26	-	-	4,80	4,80	-
	4,20	-	4,46	4,09	4,80	-
	4,17	-	4,15	4,87	4,40	-
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.06: Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas [Nivel Título] INF.07: Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas [Nivel Título] INF.08: Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **GrEI+DGIM** O grao de satisfacción dos estudantes co programa de prácticas en empresa acadou o máximo dende que se dispoñen datos (curso 2012/13).
- **GrEQ** As Prácticas Externas non son obrigatorias senón que corresponden a un dos dous itinerarios posibles dentro da materia Aula Profesional (6 ECTS). Se o estudante decide optar polo outro itinerario de Cursos e Seminarios non ten a obriga de facer estas prácticas aínda que neste caso tamén terá acceso á realidade empresarial pois moitos dos cursos/seminarios neste itinerario son impartidos por profesionais do sector empresarial. Cabe destacar que a porcentaxe de estudantes que optan por realizar prácticas en empresa supera o 90%. Polo que se observa das valoracións esta actividade é unha das mellor avaliadas por todos os grupos de interese involucrados (estudantes, titores profesionais e titores académicos) e en todos os casos o valor é superior a 4.

- **MEEnA** De novo, o módulo docente máis valorado no Máster polo alumnado. A satisfacción por parte dos titores, tanto académicos coma externos, e moi alta.
- **MEQB** Aínda que o grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas é elevado, detéctase un descenso con respecto aos cursos anteriores, destacando como punto forte a orientación do titor académico e como punto débil o fallo no cumprimento das expectativas. Tanto os titores externos como os académicos mostran elevados graos de satisfacción en tódolos aspectos analizados na enquisa. Cabe destacar o aumento da taxa de resposta na enquisa de estudantes e titores externos como resultado dunha acción de mellora desenvolvida, posto que a dos titores académicos xa estaba no 50%. Non se alcanzou o obxectivo do 50% fixado, polo que continuarase nunha nova acción de mellora, pero o incremento foi moi significativo de 11,76% a 35,29% nos estudantes e do 10,26% ao 31,25% nos titores externos.
- **MTAD** Non existen prácticas en empresa no máster.

Satisfacción coa Docencia	GrEI	DGIM	GrEQ	MEEnA	MEQB	MTAD
IN46 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (1-5)	3,82	3,91	3,63	3,53	4,19	4,34
* Media Enxeñaría	3,97	3,70	3,84	3,73	4,17	3,92
* Media USC Graos: 3,88	3,85	3,87	3,83	3,42	3,91	4,38
* Media USC Másteres: 4,04						
IN48 Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (%)	44,34	65,22	51,15	56,36	77,27	57,14
* Media USC 16/17 Graos: 30,39%	54,12	83,33	53,67	54,84	62,07	62,07
* Media USC 16/17 Másteres: 43,75%	46,86	54,55	58,13	70,69	78,26	61,11
Informes ACMP	[Nivel Título] INF.13: Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida					
Documentación ETSE						
Enquisas ETSE						

- **ETSE** A fiabilidade da enquisa de satisfacción coa docencia depende directamente de obter unha alta taxa de resposta. Realizaranse iniciativas concretas nesta dirección.
- **GrEI+DGIM** A satisfacción dos estudantes coa docencia diminuíu atendendo ao resultado das enquisas. Por outra banda a porcentaxe de resposta das enquisas segue en valores moi baixos, sendo a taxa de resposta dos estudantes a segunda máis baixa desde que estas enquisas fanse de modo telemático, rompendo ademais a tendencia crecente dos últimos cursos.
- **GrEQ** As valoracións da satisfacción coa docencia do alumnado diminuíron lixeiramente con respecto aos cursos anteriores, dende un 3,84 ao 3,63 (corresponde a unha diminución do 3%). Aínda así os valores acadados están cerca dos obtidos como media nas titulacións de grao da USC. Tamén cabe salientarse que o

grado de participación do alumnado do grao e significativamente superior (un 68% superior), sendo dun 51,15%, ao correspondente á media das titulación de grao da USC que é de 30,39 (curso académico 16/17).

- **MEaA** En xeral, moi constante ó longo dos anos con valores entre 3.4 e 3.7.
- **MEQB** O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida é moi alto e en tendencia alcista ao que hai que unir a elevada taxa de resposta do 77,27% que da fiabilidade aos resultados obtidos. Non destaca ningún punto débil e os apartados mellor valorados foron os relativos á resolución de dúbidas e atención en titorías.
- **MTAD** As enquisas de satisfacción reflicten unha moi boa valoración dos estudantes. A media da titulación é substancialmente mais alta da media da universidade e mais alta que a media da rama de coñecemento. A taxa de resposta é modesta, aínda que superior que a media da USC en graos e másters.

9.2. Valoracións DAFO

ETSE Criterio 7	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado		
Futuro	x Participación nas enquisas	

GrEI/DGIM Criterio 7	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Baixa taxa de resposta dos estudantes nas enquisas de satisfacción coa docencia	x Alto grao de satisfacción co programa de prácticas en empresa
Futuro	x A taxa de abandono fixada na memoria semella ser pouco realista	

GrEQ Criterio 7	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	<ul style="list-style-type: none"> x Valoracións moderadas nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida x Baixa mobilidade de saída x Taxa de rendemento por debaixo do valor da memoria do título 	<ul style="list-style-type: none"> x Boa estrutura de programa de prácticas en empresa x Estudantes con notas altas de ingreso
Futuro	<ul style="list-style-type: none"> x Número limitado de acordos de intercambio de mobilidade x Aumento da taxa de abandono RD 1393/2007 	x Boa aceptación dos alumnos polos titores de prácticas externas

MEnA Criterio 7	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Mobilidade moi reducida, aínda que é unha constante no ámbito dos Mestrados en España	x Alto nivel acadado nos principais indicadores, así coma nas prácticas externas e a información proporcionada sobre empregabilidade.
Futuro	x Posible competencia especialmente dende outras titulacións de fóra de Galicia	x Visualización dos bos resultados acadados
MEQB Criterio 7	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Baixas taxas de resposta nas enquisas de satisfacción x Non hai datos de inserción laboral dos egresados	x Enquisas internas e externas para a análise do desenvolvemento da docencia x Prácticas en empresa obrigatorias x Mobilidade de saída en crecemento x Acreditación IchemE x Comité Consultivo Externo
Futuro		x Implicación de profesionais de empresas en materias do Máster x Definición do perfil de egreso
MTAD Criterio 7	Puntos Débiles	Puntos Fortes
Pasado	x Modestas taxas de resposta a enquisas	x Satisfacción do alumnado coa docencia
Futuro	x O perfil dos estudantes pode ser unha ameaza para as taxas de rendemento	x Mellora do perfil dos estudantes mediante a redución da oferta na matrícula anticipada

9.3. Accións de Mellora

Nesta sección recóllense as Accións de Mellora (AM) en estado de desenvolvemento, tanto a nivel xeral de centro como no nivel individual dos títulos, resultado das reflexións incluídas nesta Memoria de Centro. A información detallada está dispoñible na aplicación de xestión dos sistemas de garantía da calidade (AASX) da USC.

Orixes	Responsables
ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría GrEI: Grao en Enxeñaría Informática DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas GrEQ: Grao en Enxeñaría Química MEnA: Máster en Enxeñaría Ambiental MEQB: Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos MTAD: Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	EDC: Equipo de Dirección do Centro CCC: Comisión de Calidade do Centro CCT: Comisión do Título AMG: Antonio Mosquera González (Responsable de Calidade) JVP: José Varela Pet (Responsable de Mobilidade) DLV: David López Vilariño (Coordinador GrEI) AMC: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora GrEQ) FOP: Francisco Omil Prieto (Coordinador MEnA)

Orixes	Responsables
PMA: Plan de Melloras da Acreditación IS: Informe de Seguimento MC: Memoria de Centro PdM: Propostas de Mellora	JGA: Julia González Álvarez (Coordinadora MEQB) DLC: David Losada Carril (Coordinador MTAD)

Na seguinte táboa inclúese un resumo dos datos mais significativos das AM plantexadas para este criterio, como consecuencia das reflexións contidas nesta Memoria de Centro. Na columna da esquerda aparece o código que ten a AM na aplicación AASX da USC e o orixe da AM (segundo a codificación introducida). Na zona central aparece unha descrición resumida da AM, así como os indicadores afectados (en caso de habelos) e os obxectivos a alcanzar nestes indicadores na seguinte Memoria de Calidade do Centro. Na columna da dereita, aparece a información de responsables (segundo a codificación introducida) e data prevista de finalización da AM.

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-ETSE-5 (PdM)	<p>Aumento das taxas de respostas das enquisas</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Deseño de información dos resultados de enquisas do curso anterior ✓ Publicidade da información dos resultados de enquisas do curso pasado durante o período de resposta da mesma tipoloxía de enquisas <p>Indicador: Respostas Enquisas ETSE; Obxectivo: 30%</p>	AMG 07/2019
AM-GrEI-3 (PdM)	<p>Consolidación dun procedemento de xestión de queixas e suxestión dos estudantes relacionados coa calidade docente</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaboración de documento de queixas e suxestións por parte da delegación de estudantes ✓ Análise por parte dos coordinadores de materias afectadas e xustificación das actuacións ✓ Presentación do conxunto accións e xustificacións aos estudantes. 	DLV 07/2019
AM-GrEI-6 (PdM)	<p>Reflexión sobre a taxa de abandono</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Contrastar o obxectivo de taxa de abandono marcado na memoria da Titulación en relación a Títulos de Grao similares a nivel estatal 	DLV CCT 07/2019
AM-MEQB-3 (PdM)	<p>Analizar a carga de traballo en relación ao peso da avaliación continua</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaboración das novas cuestións da enquisa ✓ Aplicación da enquisa e análise dos resultados 	JGA AMC CCT Outros 09/2019
AM-MEQB-9 (PdM)	<p>Mellorar a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Realizar recordatorios no período de realización das enquisas ✓ Visualizar a importancia das enquisas para a mellora da calidade da docencia <p>Indicador: Respostas Enquisas ETSE; Obxectivo: 30%</p> <p>Indicador: IN48; Obxectivo: 50%</p>	JGA AMC CCT Outros 12/2019

Código da AM (Orixe)	Descrición	Respon. DataPr.
AM-MTAD-1 (IS)	Seminario introdutorio a Dockers <ul style="list-style-type: none">✓ Buscar profesorado que poida impartir o seminario✓ Impartición do seminario para todos os estudantes do máster	DLC 10/2018
AM-MTAD-6 (IS)	Dispor dun calendario compartido <ul style="list-style-type: none">✓ Crear un calendario común compartido que poida ser editado por todo o conxunto de profesorado e fomentar o seu uso	DLC 10/2019
AM-MTAD-7 (IS)	Seminario especializado sobre Deep Learning <ul style="list-style-type: none">✓ Buscar profesorado adecuado para este seminario✓ Planificar a impartición do citado seminario nunha data apropiada	DLC 11/2019